



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E CATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 37)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a M^a. del Pilar García Porto (incorpórase ás
once horas e once minutos)

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Xosé María Arias Fernández

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e catro de setembro de dous mil vinde e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o señores deputados D. Pablo Rivera Capón, D. Roberto Fernandez Rico e D. José Luis Raposo Magdalena.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezasete de setembro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

Neste momento incorpórase á sesión a Sra. deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIXITALIZACIÓN DA SERIE DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO ENTRE OS ANOS 1834 E 1961.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de dixitalización da serie do Boletín Oficial da Provincia de Lugo entre os anos 1834 e 1961, consta no mesmo:

Providencia de inicio, con CSV: IV7FWOBKJ36ZZJESU5IS6MSE4Q.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FWOBLLX4IRNNSQVVGU4DSFGU.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7E2734HE5JJDVCUMNFIB3754.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7FQ4K6HJF3QRF57X6MEFR7LY.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FQ4K4JYVOJHNSIXDIJYRAE.



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do servizo de dixitalización da serie do Boletín Oficial da Provincia de Lugo entre os anos 1834 e 1961, cunha duración de 5 meses desde a formalización.

2º.- Aprobación o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobación e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobación o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 83.853,00 €. O orzamento base de licitación inclúe 14.553,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 69.300,00 euros de base.

Este proxecto está subvencionado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que convoca axudas para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO A EXCEPCIÓN DAS DEPENDENTES DO PARQUE MÓBIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras e servizos da Deputación de Lugo, a excepción das dependentes do parque móbil, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FQ3ALZERPJ7GYQ7U4F7ZAD4.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa da Unidade de Proxectos (Lote 1), CSV: IV7FQ2BJPMP4STNTBV4M74ZAG4.

Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Servizo de Vías e Obras (Lote 2), CSV.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7FQ3AIPRZJ5BMMXRUQIFHW4Q.

Xustificación de criterios con CSV: IV7FQW22LA7DQSUJC5HVKNQRIE.



Consta informe de “Justificación de la innecesariedad de la coordinación de seguridad en obras ejecutadas directamente con personal y medios propios (parque móvil), CSV: IV7EHXS7LYZKNKWPWJX5OEBGGY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7FQYJCDQELRXUIAMVHL5KREY.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FQYJ3HMPYJXFKUBXFPYJGOM.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación por lotes do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras e servizos da Deputación de Lugo, a excepción das dependentes do parque móbil EXP2021/CON_02/000067.

Lote I, incluirá a coordinación de seguridade e saúde nas obras e actuacións dos diferentes servizos desta Deputación, salvo o de Vías e Obras.

Lote II, incluirá coordinación de seguridade e saúde nas obras e servizos de conservación dirixidos desde o Servizo de Vías e Obras.

2º.- A duración do contrato será a que se indica a continuación:

LOTES	DURACIÓN
LOTE I	UN (1) ANO E CINCO (5) MESES (17 MESES) dende o 01/08/2022 ata o 31/12/2023, podendo prorrogarse por un período de tempo igual a UN (1) ANO, ata o 31/12/2024.
LOTE II	DOUS (2) ANOS dende o 01/01/2022 ata o 31/12/2023, podendo prorrogarse por un período de tempo igual a UN (1) ANO, ata o 31/12/2024.

No PCAP prevese a modificación do contrato ao abeiro do previsto no art.204, en relación coa Disposición Adicional 33, ambos da LCSP, dentro dos límites establecidos na mesma.

3º.- Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 274.664,83€. O orzamento base de licitación inclúe 47.669,10 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 226.995,73 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. Os orzamentos base de licitación da presente contratación de cada un dos lotes, son:

LOTES	BASE IMPONIBLE	IVE	IMPORTE TOTAL
LOTE I	45.213,99 €	9.494,94 €	54.708,93 €.
LOTE II	181.781,74 €	38.174,16 €	219.955,90 €.
TOTAL	226.995,73 €	47.669,10 €	274.664,83 €.

O importe total do contrato ascende a 274.664,83 euros, IVE incluído, e finánciase conforme as seguintes anualidades:



LOTES	APLICACIONES ORZAMENTARIA/TOTAL	ANOS	IMPORTES	DOCUMENTOS
LOTE I-UNIDADE DE PROXECTOS	9200.22706/ 54.708,93 €	2022 (5 meses)	16.090,86	RC: 220219/560
		2023	38.618,07	RC: 220219/560
LOTE II-VÍAS E OBRAS	4500.22706/219.955,90€	2022	109.977,95	RC 220219/554
		2023	109.977,95	RC: 220219/554
	TOTAL 274.664,83 €	2022	126.068,81	
		2023	148.596,02	

O presente contrato de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2022 e 2023 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DA IMAXE DA DEPUTACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DA RIBEIRA SACRA A TRAVÉS DA LONGAMETRAXE *LIVE IS LIFE*.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 07 de setembro de 2021, do seguinte tenor literal:

“Acta da mesa de contratación do día 07 de setembro de 2021.

Presidente: D. José Domingo Rodríguez Ferreira, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento.

Secretaria da mesa: Dña. Margarita Tarrío Álvarez, Xefa de Sección de Contratación do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

D. José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral Adxunto, en substitución da Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Don. José Antonio Castro Liz, en substitución da Interventora da Deputación de Lugo.

Dona Ángeles Rivas Vázquez, en substitución do Letrado Asesor Especialista en Consultivo-Contratación.

Dña. Silvia Fernández Vila, Xefa da Unidade de Turismo.

Asiste D. Óscar Poy Franco, en representación do grupo Provincial do PP, con voz e sen voto.

Sendo as 10:36 horas do día 07 de setembro do 2021, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa, na data do 02 de setembro do 2021.

Polo Presidente da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

“Contratación do patrocinio da imaxe da Deputación e promoción turística da Ribeira Sacra a través da longametraxe Live is life. 2021/CON_02/000028.

Primeiro.- Outros. Dación de contas do informe técnico.

Segundo.- Outros. Proposta de adxudicación se procede.

Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EQKZ4ZBPKQSPJ4FV4L4RR7Y.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EUYHJFBWZX2W23RMCGF7C4Q.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7EVWLDNMJSTFP7YZXAF727FY.



Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7EQOD3NQHTXW5IDRQMIIJDOA.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EQOD6JP5CV6NLQPVNGBQC4E.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EQOASPYHIVZJYXQWCON2OAI.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EQOJZN3447PHCAUFT4MADOU.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 04 de xuño do 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7ESXDSZYB2T6VTSDUGAZYFGM.

Convite cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) o día 07 de xuño de 2021.

Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 17 de xuño do 2021 (CSV: IV7E6WT3PQOPVOGI5QIRAQ2WCY), na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar, D. Xoan Carlos Montes Somoza vogal da mesa de contratación, sinala que visto o informe de necesidade e as mencións á declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da Humanidade e enterado a través dos medios de comunicación e prensa recente, de que esta candidatura como Patrimonio da Humanidade se retirou, ten dúbidas sobre posible desaparición sobrevida do obxecto contractual.

Tómase a palabra pola presidencia facendo constar as funcións da mesa de contratación se refiren ó análise da documentación presentada polos licitadores nos termos da convocatoria.

Intervén a Xefa da Unidade de Turismo, apuntando que a candidatura non se suspendeu, senón que se postpuxo.

Pola súa parte o Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento Pablo Seoane Cancelo, manifesta que o obxecto contractual é patrocinar a marca da Deputación de Lugo e a posta en valor como destino turístico da Ribeira Sacra a través da longametraxe a patrocinar, obxecto que permanece, con independencia da candidatura da Ribeira Sacra Lucense como

Patrimonio da Humanidade, procedendo á lectura do informe de necesidade nas partes que se refiren ó obxecto contractual, co seguinte teor:

“Neste caso o obxecto principal consiste na promoción da Provincia de Lugo a través dos diversos medios de comunicación que cubran a promoción da longametraxe “*Live is Life*” e a grabación de 111 planos na Provincia de Lugo, é o que denomina o mencionado informe da Xunta Consultiva de Aragón “publicidad de carácter indirecto que se ha dado en llamar retorno publicitario a través de la campaña de publicidad que la empresa pone en marcha para la difusión del evento... retorno publicitario y que consiste fundamentalmente en que el patrocinado permite que el patrocinador haga pública su colaboración económica en la actividad del patrocinado y también, si así se estipula, en que el patrocinado realice comportamientos activos con esa misma finalidad. El patrocinador a cambio disfruta de la notoriedad y de la resonancia de la actividad que desarrolla el patrocinado, con el fin de incrementar entre el público el conocimiento de su nombre o marca y de favorecer su imagen.”

“7.- De acordo co sinalado, a necesidade administrativa a satisfacer na presente contratación queda xustificada na necesidade administrativa a satisfacer con esta contratación, atopándose incluída dentro dos instrumentos, que a través de medio externo, a entidade provincial emprega para cumprir co seu deber de promocionar e desenvolver turisticamente o seu territorio.”

Concluídas as intervencións, proséguese coas actuacións contidas na orde do día, coa conformidade dos asistentes da mesa de contratación.

Pola presidencia dase conta asimesmo de que se recibiu correo electrónico relativo á oferta no procedemento, si ben considerando o tipo do procedemento e a posible existencia dun único licitador, considérase que non se altera o segredo das proposicións, polo que dita incidencia non resulta invalidante da oferta nin impide a continuación do procedemento.

Acto seguido procédese á apertura do sobre A presentado pola única empresa convidada ao presente procedemento, resultando que o Anexo I preséntase asinado polo representante da empresa Live is Life Movie AIE, con CIF V67615807, mentras que na plataforma de contratación do sector público consta dada de alta a empresa Live is Life AIE, con CIF V88374178, e o convite



se cursa á empresa 4 Cats Pictures SL con CIF: B66131400, polo que a mesa de contratación, con carácter previo á apertura da oferta económica, acorda requirir aclaracións sobre os termos da representación do asinante para actuar en nome da empresa 4 Cats Pictures S.L..”

Consta no expediente requirimento de subsanación de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratos do sector público o día 05 de xullo de 2021.

Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 12 de xullo do 2021 (CSV: IV7EY7CT33572WR24ZMXI52GA4), na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a empresa Live Is Life Movie AIE, presenta a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo o día 09 de xullo do 2021, escrito no que se recolle que Live Is Life Movie AIE é a principal produtora da película, e que a empresa 4 Cats Pictures S.L. posúe o 99% das accións da mesma; acompaña o escrito de escritura de constitución da referida agrupación de interese económico, outorgada ante o Notario de Madrid D. José María Madridejos Fernández, número seiscentos noventa e nove de protocolo, onde se pode constatar a participación de cada un dos socios, a empresa concorrente manifesta que presentou as aclaracións requiridas pola mesa de contratación a través da plataforma de contratación do sector público o día 05 de xullo do 2021.

Tendo en conta que non consta que a licitadora tivese presentado a través da plataforma de contratación do sector público a documentación requirida, consta non obstante a presentación de documentación o día 09 de xullo de 2021 en sede electrónica un día despois do prazo outorgado para a subsanación alegando o licitador o intento de remisión por plataforma de contratos do sector publico. A Mesa de contratación, atendendo á tipoloxía do procedemento, e tendo en conta que coa admisión das aclaracións nas circunstancias expresadas non se vulnera ningún dos principios do artigo 1 da LCSP, posto que nos atopamos ante un procedemento negociado sen publicidade por razóns de exclusividade no que non é posible promover a concorrência, e valorando que da inadmisión das aclaracións por extemporáneas, se derivarían os mesmos resultados, en virtude do principio de conservación de actos, posto que se trata dun requisito comprobable en sede de requirimento do artigo 150, a mesa de contratación acorda admitir o escrito presentado, e

consecuentemente dar por subsanada a documentación administrativa achegada pola única empresa concorrente.

Acto seguido procédese ao exame do sobre B, relativo á fase 1 do procedemento, que contén o modelo de proposición económica. Considerando que a empresa Live Is Life Movie AIE, se compromete á realización do obxecto do contrato polo tipo de licitación, polo que de acordo co recollido no PCAP, a mesa de contratación acorda outorgarlle 0 puntos nesta fase 1.

Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. O convite cursarase por medios electrónicos, á dirección que o contratista habilite a efectos de notificación preferentemente a través da plataforma de contratos do sector público.

Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, a documentación obxecto de negociación.”

Solicitud de oferta da fase de negociación cursada a través da plataforma de contratos do sector público o día 12 de xullo de 2021.

Acta da mesa de contratación do día 16 de xullo de 2021 (CSV: IV7EYC23NHWJZOHORV5H5YKWIQ , na que se recolle o seguinte:

Deuse conta que na Mesa celebrada o día 12 de xullo de 2021 acordouse iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Acto seguido procédese a informar de que hai un erro na validación da firma da oferta presentada polo licitador Live is Life Movie AIE. A mesa de contratación califica o erro detectado como subsanable - máxime cando a falta de presentación de oferta na fase de negociación non constitúe per sé causa de exclusión- polo que acorda proceder á apertura da proposta presentada



condicionando a súa admisión á subsanación do erro detectado no prazo máximo de tres días hábiles a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento feito a tal fin, aplicando supletoriamente o disposto no artigo 141.2 da LCSP.

A licitadora comprométese a visita á escola do servizo de Audiovisuais de Lugo polo director da película e polo menos un actor/actriz da mesma, polo que obtería, de subsanar o erro detectado, 50 puntos neste criterio.

Tendo en conta que na fase de adxudicación a empresa obtivera 0 puntos, e sumada a puntuación acadada na fase de negociación resultan un total de 50 puntos.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade requirir á empresa Live is Life Movie AIE, para que no prazo de tres días hábiles, presente o Anexo III bis asinado cun certificado electrónico válido.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 20 de xullo de 2021.

Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 26 de xullo do 2021 (CSV: IV7EG7I2BBXNUWJ2QLXX4F7DC4), na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta que na Mesa celebrada o día 16 de xullo de 2021 acordouse por unanimidade requirir á empresa Live is Life Movie AIE, para que no prazo de tres días hábiles, presente o Anexo III bis asinado cun certificado electrónico válido.

Acto seguido procédese a informar que o licitador presentou, dentro do prazo concedido a tales efectos, o Anexo III bis correctamente.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Live is Life Movie AIE	Fase I +Fase II : 0 puntos+ 50 puntos= 50 puntos

Requirir á empresa Live is Life Movie AIE, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
82.644,63 euros	4.132,23 euros

”

Resolución da Presidencia do día 03 de agosto do 2021, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación do día 26 de xullo.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 04 de agosto de 2021.

Acta da mesa de contratación reunida o día 24 de agosto de 2021 (CSV), na que se recolle o seguinte:

“Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora Live Is Life Movie A.I.E. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa en sesión de 27 de xullo de 2021.



A continuación, previo exame da documentación presentada, relaciónase a documentación que a empresa ten que subsanar ou presentar, no prazo de tres días hábiles:

Solvencia económica e financeira: Deberá acreditarse de conformidade co establecido nos artigos 74 a 76 da LCSP, polos seguintes medios (todos):

1 a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos, por importe igual ou superior a 123.966,95 € (unha vez e media o valor estimado do contrato).

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

1 b) Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.

1 c) Xustificante dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais, no que se inclúa unha condición específica que garanta eventuais indemnizacións derivadas do incumprimento das prestacións contractuais da adxudicataria, por importe igual ou superior ao valor estimado: 82.644,63 €.

A acreditación deste requisito se efectuará por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

En todo caso, este seguro debe ter efectos antes de comezar a execución do contrato. Deberá estar subscrito con carácter previo á adxudicación e a póliza deberá manterse en vigor durante todo o período da prestación ou, cando menos, compromiso vinculante de mantelo vixente ata autorizar a cancelación e reintegro da garantía constituída para este contrato.

Solvencia técnica ou profesional: Deberá acreditarse, de conformidade co artigo 91 da LCSP e co Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLC, polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos realizados, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a 57.851,24 euros (70 por cento do valor estimado do contrato).

Non obstante, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a solvencia técnica acreditarase polos seguintes medios (ambos):

Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas técnicas.



Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, requirir a Live Is Life Movie A.I.E. para que, no prazo de tres días hábiles, presente a documentación anteriormente relacionada.”

Consta no expediente requirimento de subsanación de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 24 de agosto de 2021.

Acta da mesa de contratación reunida o día 01 de setembro de 2021, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar deuse conta aos asistentes de que na mesa de contratación celebrada o día 24 de agosto de 2021, acordouse por unanimidade requirir á empresa Live is Life Movie AIE, para que no prazo de tres días hábiles completara a documentación administrativa presentada, concretamente no tocante á solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional.

Consta no expediente requirimento de subsanación de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 24 de agosto de 2021. O día 26 de agosto de 2021 a empresa atende ao requirimento cursado.

Reunida a mesa de contratación na data de hoxe constátase que:

No tocante á solvencia económica e financeira a empresa Live Is Life Movie A.I.E., presenta as contas anuais, nas que se recolle un volume de negocio superior ao esixido. As contas anuais non están depositadas no rexistro mercantil correspondente, se ben a empresa presenta escrito no que se recolle que por tratarse dunha empresa de nova creación non está obrigada a realizar o depósito. Igualmente presenta unha póliza de seguro para a produción da película, con extensión a post produción cunha cobertura superior ao importe mínimo esixido. Á vista da documentación achegada a mesa de contratación considera suficientemente xustificada a solvencia económica e financeira da empresa.

No relativo á solvencia técnica, a empresa achega declaración na que recolle que se trata dunha empresa de nova creación e indica o persoal técnico participante no contrato. Non achega

certificado expedido por institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, recollendo na mencionada declaración que a empresa non dispón de órganos nin persoal técnico que se ocupe do control de calidade da produción audiovisual ao non ser unha práctica precisa nin requirida neste tipo de actividade; engade que non existe un sistema oficial de control de calidade ou un selo que a acredite a mesma.

Á vista do manifestado pola empresa, a mesa de contratación procede a debatir si se admite como garante da solvencia técnica a descrición do equipo técnico e artístico que describe a empresa, ou resulta esixible dun certificado expedido por un instituto ou servizo oficial encargado do control de calidade que acredite tal extremo.

Intervén a Xefa da Unidade de Turismo, manifestando que, atendendo ao obxecto contractual, a calidade da produción acreditaríase a posteriori pola academia de cine ou polo público, engadindo que o obxecto contractual non é tanto a produción da película, senón o patrocinio publicitario da imaxe da Deputación, a través da película.

A mesa de contratación acorda solicitar informe ao Servizo de Turismo sobre este extremo.”

Reunida a mesa de contratación na data de hoxe, en primeiro lugar dáse conta do Informe do Servizo de Turismo do seguinte tenor literal:

“Vista a acta da Mesa de contratación do día 1 de setembro de 2021 na que se acorda solicitar informe ao Servizo de Turismo en relación da admisión como garante da solvencia técnica da descrición do equipo técnico e artístico aportado pola empresa.

Emítase o seguinte informe:

Visto escrito presentado por en relación á esixencia dun certificado de calidade nos termos previstos no prego no que di:



“... No existe en los organismos certificadores un certificado de calidad que verifique la actividad de producción audiovisual, como puede comprobarse en la página oficial de AENOR.”

Podemos confirmar este suposto, xa que non existe na páxina de AENOR un certificado de actividade de produción audiovisual.

Visto que no mesmo escrito afirmase que Live is Life Movie A.I.E. ten implantados diversos procesos internos tan rigurosos como os que puideran desenvolver as entidades certificadores noutros ámbitos.

Visto que expoñen que teñen participado na produción doutros contratos de patrocinio, e comprobado polo servizo de Turismo que existe unha adxudicación por “patrocinio del rodaje del largometraje *“Live is life”* escrito por Albert Espinosa y dirigido por Dani de La Torre, por cuenta de Live Is Life Movia A.I.E. y Frida Films S.L. por 100.000 €” co Deputación Provincial de Ourense en data 11/12/2021.

Polo que se entende que se no procedemento anteriormente exposto está acreditada a solvencia técnica, debería de estar acreditada tamén nun proceso análogo.

Por todo o anteriormente exposto, dende o Servizo de Turismo entendemos que estaría superado o requisito de solvencia técnica esixido nos pregos do contrato.”

A mesa de contratación acorda aceptar o informe técnico e facelo seu, e consecuentemente acorda propoñer que pola Xunta de Goberno se acorde adxudicar a contratación do patrocinio da imaxe da Deputación e promoción turística da Ribeira Sacra a través da longametraxe *Live is Life*, a favor de Live Is Life Movie AIE, con CIF V67615807, por importe de 82.644,63 €, aos que habería que engadir 17.355,37 € en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 100.000,00 euros.

A adxudicataria comprométese a visita á escola do servizo de Audiovisuais de Lugo polo director da película e polo menos un actor/actriz da mesma”

Vista a nota de reparo con código CSV IV7FW3243EJIR2BZ6P7CD4SHCU, de data 10 de setembro con relación á adxudicación do contrato indicado no encabezamento da presente proposta.

Considerando a Resolución da Presidencia con código CSV IV7FQ6LZZBFYT6F5CRWXIYKE6E, do día 22 de setembro de 2021, pola que se levanta o reparo da Intervención Xeral de data 10 de setembro de 2021 e os seus efectos suspensivos, propónse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Adxudicar a contratación do patrocinio da imaxe da Deputación e promoción turística da Ribeira Sacra a través da longametraxe *Live is Life*, a favor de Live Is Life Movie AIE, con CIF V67615807, por importe de 82.644,63 €, aos que habería que engadir 17.355,37 € en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 100.000,00 euros.

A adxudicataria comprométese a visita á escola do servizo de Audiovisuais de Lugo polo director da película e polo menos un actor/actriz da mesma.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala no anuncio de licitación, e que terá lugar no prazo de 15 días hábiles a contar desde a publicación e notificación aos licitadores da adxudicación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DA MEMORIA XUSTIFICATIVA, PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES RELATIVOS Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Presidencia da Deputación Provincial de Lugo Resolveu o día 06 de setembro de 2021, á vista do escrito de alegacións presentado no Rexistro Xeral o día 03 de agosto do 2021 (RXE 2021RPE025108), suspender o prazo de presentación de propostas da contratación do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, por razón de seguridade xurídica, en aras de introducir, de ser preciso modificación nos pregos retitores da contratación, ao amparo do artigo 136 da LCSP, nos termos dos artigos 122 e 124 da LCSP.

Visto o Informe con CSV: IV7FQ4K6H4647SOPYVACMRDC4M que figura no expediente, do seguinte tenor literal:

“Vistas as dúbidas xeneradas polos pregos reitores da contratación do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, procede rectificar a memoria xustificativa da contratación de referencia nos seguintes termos:

No apartado 5, denominado orzamento e valor estimado, procede rectificar o valor estimado do contrato, que ascendería a 4.902.827,66 €, por detectarse un erro aritmético no seu cálculo.

No apartado 6, denominado “criterios de adxudicación”, procédese a incorporar a descrición de cada un dos criterios e as fórmulas matemáticas propostas para a súa avaliación e suprímese a mención indebida ao fomento da contratación indefinida.

No apartado 7.2.4, no que se fai referencia á adscripción de medios persoais e materiais, suprímese a indebida denominación da memoria técnica como PPT, e rectifícanse as características dos contratos laborais do persoal a subrogar, concretamente o número de horas semanais que figuran no lote 3 para os traballadores con antigüidade 15/09/2014, 18/05/2012, 25/03/2013,

01/01/2003 e 01/01/1993 e no lote 4 para os traballadores con antigüidade 04/04/1991, 12/01/1999, 01/09/2008 e 01/06/2011, que pasan de 39 a 38 horas semanais.

Rectifícase unha inexactitude, no título das últimas dúas columnas das táboas descritivas dos custes de cada lote, posto que no documento orixinal no título destas columnas figura recortando parte da súa descrición e reducido o contido a última frase, que debe entenderse no seguinte literal tal e como resulta evidente da lectura integrada do cadro pola suma das súas magnitudes:

Descr. Categoría	Centro	Plantilla /Temp	Horas Semana	Tipo Contrato	F. Antigüidade	Remuneración fixa convenio anterior	Antigüidade convenio anterior	TRIENEO A MAIORES	RETRIBUCIÓN TOTAL CONVENIO ANTERIOR	RETRIBUCIÓN TOTAL NOVO CONVENIO	RETRIBUCIÓN TOTAL + CUOTA PATRONAL	RETRIBUCIÓN TOTAL + CUOTA PATRONAL + ABSENTISMO
---------------------	--------	--------------------	-----------------	------------------	----------------	---	-------------------------------------	-------------------------	--	---------------------------------------	--	---

Os custes mantéñense sen alteración, posto que a minoración das horas de traballo efectivas deste grupo de traballadores, con respecto ao convenio colectivo vixente, non supón unha redución do seu salario. No estudo de custos realizado, xa se recolle que se parte do custo salarial declarado polas empresas cesantes (que incorporan os complementos salariais consolidados non estipulados en convenio e o custe das vacacións).

Pola mesma razón procede a rectificación dos PPT, nos seguintes termos:

Na cláusula segunda, no apartado denominado operacións complementarias, dáse nova redacción ao apartado 7, co obxecto de esclarecer que o uso da bolsa de horas ofertada polo licitador será discrecional por parte do Responsable do Contrato, utilizando a referida bolsa para satisfacer tanto necesidades ordinarias como extraordinarias non previstas, propónse así que o punto 7 quede redactado como segue: “A Deputación de Lugo terá autonomía absoluta na utilización do crédito horario ofertado (bolsa de horas), e será de aplicación a calquera dos edificios, salas de exposicións, carpas ou similar onde se realicen eventos organizados ou participados pola Deputación de Lugo.”

Engádesse como Anexo ao PPT o persoal a subrogar, que figuraba no índice do PPT anterior, sin que constase un anexo específico con este contido.



Rectifícase unha inexactitude, no título das últimas dúas columnas das táboas descritivas dos custes de cada lote, posto que no documento orixinal no título destas columnas figura recortando parte da súa descrición e reducido o contido a última frase, que debe entenderse no seguinte literal tal e como resulta evidente da lectura integrada do cadro pola suma das súas magnitudes:

Descr. Categoría	Centro	Plantilla /Temp	Horas Semana	Tipo Contrato	F. Antigüidade	Remuneración fixa convenio anterior	Antigüidade convenio anterior	TRIENIO A MAIORES	RETRIBUCIÓN TOTAL CONVENIO ANTERIOR	RETRIBUCIÓN TOTAL NOVO CONVENIO	RETRIBUCIÓN TOTAL + CUOTA PATRONAL	RETRIBUCIÓN TOTAL + CUOTA PATRONAL + ABSENTISMO
---------------------	--------	--------------------	-----------------	------------------	----------------	---	-------------------------------------	-------------------------	--	---------------------------------------	--	---

Na mesma liña procede a rectificación dos PCAP, nos seguintes termos:

No apartado F do cadro resumo, in fine, engádese o seguinte inciso “Aos efectos do artigo 100 e 101 da LCSP, recóllese como anexo ao PPT o estudo de custes desagregado”.

No apartado G do cadro resumo rectifícase o importe do valor estimado do contrato.

No apartado Q do cadro resumo, modifícase a redacción dos criterios de adxudicación 2 e 3, quedando a nova redacción como segue:

“

Bolsas de horas por necesidades especiais a libre disposición
O licitador que oferte un maior número de horas obterá a máxima puntuación. O resto avaliaránse atendendo á seguinte fórmula matemática:
$$\text{Puntuación} = 30 * (B_i / B_{\text{máx}})$$

Onde B_i = Bolsa de horas “i” que se valora.
 $B_{\text{máx}}$ = Bolsa de horas máis alta de todas as presentadas.
O número máximo de horas a ofertar será o seguinte:
Lote 1: 1.825 horas.
Lote 2: 1.008 horas.
Lote 3: 1.495 horas.
Lote 4: 1.500 horas.
Lote 5: 1.622 horas.
Os excesos sobre o número máximo de horas non serán avaliados, non obstante serán de obrigado cumprimento para o licitador que os oferte, e descontaránse da última factura en caso de non realizarse.
As ofertas en branco obterán 0 puntos neste apartado.
As empresas licitadoras poderán presentar oferta de crédito horario gratuito, cuxo obxecto sexan cubrir necesidades ordinarias ou extraordinarias e que non poidan ser acometidas conforme ás frecuencias establecidas no prego de prescricións técnicas. A Deputación de Lugo terá discrecionalidade absoluta na utilización do crédito horario ofertado, a fin de determinar os eventos en que se presten, que en calquera caso nunca suporá ningún custe adicional para a Deputación de Lugo. A bolsa de horas será de aplicación a calquera dos edificios, salas de exposicións, carpas ou similar onde se realicen eventos organizados ou participados pola Deputación de Lugo
Este criterio valorará a mellora que, se é o caso, oferten os licitadores consistente na posta a disposición da Deputación de Lugo dunha prestación adicional consistente na mobilización de recursos materiais e humanos para realización de limpeza ordinarias ou extraordinarias por motivo de necesidades excepcionais ou non previstas. Esta prestación adicional deberá valorarse en horas de traballo, das que poderá dispoñer libremente, e sen custo ningún, a Deputación de Lugo en calquera momento da execución do contrato segundo se vaian plantexando as ditas necesidades.

No caso de que se detecte un incumprimento nas horas ofertadas (ou que ditas horas non fosen solicitadas por parte da Deputación Provincial de Lugo) procederase en todo caso ao desconto das mesmas en factura (cando se proceda ao pagamento da última factura) para o que se estima que o valor do custo hora é o prezo de adxudicación do contrato ofertado polo licitador que resulte adxudicatario para cada lote, que en todo caso non poderá ser inferior ao importe de 12,10 euros (IVE incluído), co obxecto de garantir as esixencias mínimas salariais impostas polo convenio colectivo vixente. Este desconto en factura é compatible coas consecuencias que incumprir unha mellora conleva, como eventual causa de resolución contractual.

3. Plan de formación. Avaliarase o número de horas de formación vinculadas á prestación do servizo obxecto da licitación. O licitador deberá achegar un plan de formación no que figuren o número de horas e a formación a impartir. Non obterán puntuación neste criterio os licitadores que non acheguen o plan de formación.

O licitador que oferte un maior número de horas de formación obterá a máxima puntuación. O resto avaliaráanse atendendo á seguinte fórmula matemática:

$$\text{Puntuación} = 5 * (F_i / F_{\text{máx}})$$

Onde F_i = horas de formación da empresa "i" que se valora.

$F_{\text{máx}}$ = número de horas máis alta de todas as presentadas.

As ofertas en branco obterán 0 puntos neste apartado.

O número máximo de horas de formación a ofertar será de 10 horas anuais por traballador, para cada lote. Os excesos sobre o número máximo de horas non serán avaliados, non obstante serán de obrigado cumprimento para o licitador que os oferte”.

No apartado S 4 do cadro resumo rectifícanse o número de horas semanais que figuran no lote 3 para os traballadores con antigüidade 15/09/2014, 18/05/2012, 25/03/2013, 01/01/2003 e 01/01/1993 e no lote 4 para os traballadores con antigüidade 04/04/1991, 12/01/1999, 01/09/2008 e 01/06/2011, que pasan de 39 a 38 horas semanas.

Engádesse ao apartado Y do cadro resumo o seguinte texto:

Cando se proceda ao pagamento da última factura emitida polo servizo contratado, deberá acreditarse o número de horas da bolsa de hora ofertada polo licitador, no caso de terse executado menos das ofertadas, reducirase o prezo a pagar, en importe equivalente a valorización prezo/hora indicado polo licitador que resultou adxudicatario. Este prezo/hora virá fixado na oferta do licitador que resulte adxudicatario que en todo caso non poderá ser inferior ao importe de 12,10 euros prezo/hora (IVE engadido). En caso de non especificarse prezo/hora, resultará de aplicación o importe mínimo.

Modifícase o punto 4 do Anexo III, co obxecto de aclarar que a bolsa de horas/ano ofertada polo licitador é de libre disposición por parte da Deputación de Lugo e que o seu obxecto é cubrir necesidades ordinarias ou extraordinarias que non poidan ser acometidas conforme ás frecuencias establecidas no PPT. Engádesse un inciso ao punto 5 do Anexo III, co obxecto de recoller que o número de horas de formación deberá acompañarse do correspondente plan de formación no que figuren o número de horas e a formación a impartir.”



Á vista do exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a memoria xustificativa, prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, rectificandos nos termos recollidos no informe reproducido anteriormente, retrotraendo. O procedemento ao momento da publicación na plataforma de contratación do sector público do anuncio de licitación, publicandoo por este mesmo medio a memoria xustificativa, os pregos de prescricións técnicas e os pregos de cláusulas administrativas rectificandos.

2º.- Levantar a suspensión do prazo de presentación de ofertas acordada por Resolución da Presidencia desta Deputación o día 06 de setembro de 2021, e publicala na plataforma de contratación do sector público, outorgando un novo prazo de licitación de 30 días naturais, contados a partir da publicación do anuncio de licitación na referida plataforma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN RELATIVO AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN (EXPTE. 195/2021) FRONTE AOS PREGOS REITORES DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚMERO 2021/CON_02/000046, RELATIVO AO SERVIZO DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Recurso especial en materia de contratación.

Recurso nº: 195/2021

Expediente: 2021/CON_02/000046 Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Emítase informe solicitado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia en relación co Recurso nº: 195/2021 con atención ós seguintes:

Antecedentes de feito:

Primero.- O día 30 de xullo de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou a contratación do Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reitores da contratación, así como o procedemento de adxudicación e o gasto.

Segundo.- O día 17 de agosto de 2021, remitiuse o correspondente anuncio de licitación ao DOUE, publicándose o día 19 de agosto na plataforma de contratación do sector público anuncio de licitación e pregos técnicos e de cláusulas administrativas, así como información adicional aos mesmos.

Tercero.- Durante o prazo de presentación de ofertas, recíbese escrito de alegacións (Rexistro xeral de entrada 2021RPE025108 do día 03 de agosto de 2021), da CIG no que se manifesta que existen erros nos custes asignados a cada lote e no número de horas esixido, acompañado dunha sentenza do Xulgado do Social número 3 de Lugo.

Cuarto.- A resulta do anterior, aos efectos da resolución das alegacións, por Resolución da Presidencia do día 06 de setembro de 2021, se procede a suspender o prazo de presentación de propostas, por razón de seguridade xurídica, ao amparo do artigo 136 da LCSP, nos termos dos artigos 122 e 124 da LCSP. A suspensión do prazo de presentación de ofertas publícase na plataforma de contratación do sector público o día 06 de setembro de 2021.

Quinto.- O día 08 de setembro de 2021, Polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, TACGAL, comunicouse a esta Deputación de Lugo a interposición de recurso especial en materia de contratación nº 195/2021, pola Asociación Profesional de Empresas de Limpieza (ASPEL) contra os pregos reitores da contratación. O



TACGAL reclamou o expediente administrativo, así como o informe ao que se refire o artigo 56 da LCSP.

No tanto a licitación se atopa suspendida foron analizadas as alegacións que se tiñan remitido, atopándose incluído na orde do día da Xunta de Goberno de 24 de setembro de 2021, a proposta para rectificación do expediente e retroacción da tramitación, con apertura dun novo período de licitación , levantando a suspensión decretada por iniciativa e decisión do propio órgano de contratación con relación ás alegacións previas da CIG de data 3/9/2021.

Ditas rectificacións teñen o seguinte obxecto e alcance segundo documento con csv IV7FQ4K6H4647SOPYVACMRDC4M:

“No apartado 5, denominado orzamento e valor estimado, procede rectificar o valor estimado do contrato, por erro aritmético , que ascendería a 4.902.827,66 €.

No apartado 6, denominado “criterios de adjudicación”, procédese a incorporar a descrición de cada un dos criterios e as fórmulas matemáticas propostas para a súa avaliación e suprímese a mención indebida ao fomento da contratación indefinida.

No apartado 7.2.4, no que se fai referencia á adscripción de medios persoais e materiais, suprímese a indebida denominación da memoria técnica como PPT, e rectifícanse as características dos contratos laborais do persoal a subrogar, concretamente o número de horas semanais que figuran no lote 3 para os traballadores con antigüidade 15/09/2014, 18/05/2012, 25/03/2013, 01/01/2003 e 01/01/1993 e no lote 4 para os traballadores con antigüidade 04/04/1991, 12/01/1999, 01/09/2008 e 01/06/2011, que pasan de 39 a 38 horas semanais.

Rectifícase unha inexactitude, no título das últimas dúas columnas das táboas descritivas dos custes de cada lote, posto que no documento orixinal no título destas columnas figura recortando parte da súa descrición e reducido o contido a última frase, que debe entenderse no seguinte literal tal e como resulta evidente da lectura integrada do cadro pola suma das súas magnitudes:

Descr. Categoría	Centro	Plantilla /Temp	Horas Semana	Tipo Contrato	F. Antigüidade	Remuneración fixa convenio anterior	Antigüidade convenio anterior	TRIENIO A MAIORES	RETRIBUCIÓN TOTAL CONVENIO ANTERIOR	RETRIBUCIÓN TOTAL NOVO CONVENIO	RETRIBUCIÓN TOTAL + CUOTA PATRONAL	RETRIBUCIÓN TOTAL + CUOTA PATRONAL + ABSENTISMO
---------------------	--------	--------------------	-----------------	------------------	----------------	---	-------------------------------------	----------------------	--	---------------------------------------	--	---

Os custes mantéñense sen alteración, posto que a minoración das horas de traballo efectivas deste grupo de traballadores, con respecto ao convenio colectivo vixente, non supón unha redución do seu salario. No estudo de custos realizado, xa se recolle que se parte do custo salarial declarado polas empresas cesantes (que incorporan os complementos salariais consolidados non estipulados en convenio e o custe das vacacións).

Pola mesma razón procede a rectificación dos PPT, nos seguintes termos:

Na cláusula segunda, no apartado denominado operacións complementarias, dáse nova redacción ao apartado 7, co obxecto de esclarecer que o uso da bolsa de horas ofertada polo licitador será discrecional por parte do Responsable do Contrato, utilizando a referida bolsa para satisfacer tanto necesidades ordinarias como extraordinarias non previstas, propónse así que o punto 7 quede redactado como segue: “A Deputación de Lugo terá autonomía absoluta na utilización do crédito horario ofertado (bolsa de horas), e será de aplicación a calquera dos edificios, salas de exposicións, carpas ou similar onde se realicen eventos organizados ou participados pola Deputación de Lugo. ”

Engádesse como Anexo ao PPT o persoal a subrogar, que figuraba no índice do PPT anterior, sin que constase un anexo específico con este contido.

Rectifícase unha inexactitude, no título das últimas dúas columnas das táboas descritivas dos custes de cada lote, posto que no documento orixinal no título destas columnas figura recortando parte da súa descrición e reducido o contido a última frase, que debe entenderse no seguinte literal tal e como resulta evidente da lectura integrada do cadro pola suma das súas magnitudes:

Descr. Categoría	Centro	Plantilla /Temp	Horas Semana	Tipo Contrato	F. Antigüidade	Remuneración fixa convenio anterior	Antigüidade convenio anterior	TRIENEO A MAIORES	RETRIBUCIÓN TOTAL CONVENIO ANTERIOR	RETRIBUCIÓN TOTAL NOVO CONVENIO	RETRIBUCIÓN TOTAL + CUOTA PATRONAL	RETRIBUCIÓN TOTAL + CUOTA PATRONAL + ABSENTISMO
---------------------	--------	--------------------	-----------------	------------------	-------------------	---	-------------------------------------	-------------------------	--	---------------------------------------	--	---

Na mesma liña procede a rectificación dos PCAP, nos seguintes termos:



No apartado F do cadro resumo, in fine, engádese o seguinte inciso “Aos efectos do artigo 100 e 101 da LCSP, recóllese como anexo ao PPT o estudo de custes desagregado”

No apartado G do cadro resumo rectifícase o importe do valor estimado do contrato.

No apartado Q do cadro resumo, modifícase a redacción dos criterios de adxudicación 2 e 3, quedando a nova redacción como segue:

“

2.- Bolsas de horas por necesidades especiais a libre disposición

O licitador que oferte un maior número de horas obterá a máxima puntuación. O resto avaliaránse atendendo á seguinte fórmula matemática:

$$\text{Puntuación} = 30 * (Bi/B_{\max})$$

Onde B_i = Bolsa de horas “i” que se valora.

$B_{\max}$ = Bolsa de horas máis alta de todas as presentadas.

O número máximo de horas a ofertar será o seguinte:

Lote 1: 1.825 horas.

Lote 2: 1.008 horas.

Lote 3: 1.495 horas.

Lote 4: 1.500 horas.

Lote 5: 1.622 horas.

Os excesos sobre o número máximo de horas non serán avaliados, non obstante serán de obrigado cumprimento para o licitador que os oferte, e descontaránse da última factura en caso de non realizarse.

As ofertas en branco obterán 0 puntos neste apartado.

As empresas licitadoras poderán presentar oferta de crédito horario gratuito, cuxo obxecto sexan cubrir necesidades ordinarias ou extraordinarias e que non poidan ser acometidas conforme ás frecuencias establecidas no prego de prescricións técnicas. A Deputación de Lugo terá discrecionalidade absoluta na utilización do crédito horario ofertado, a fin de determinar os eventos en que se presten, que en calquera caso nunca suporá ningún custe adicional para a Deputación de Lugo. A bolsa de horas será de aplicación a calquera dos edificios, salas de exposicións, carpas ou similar onde se realicen eventos organizados ou participados pola Deputación de Lugo

Este criterio valorará a mellora que, se é o caso, oferten os licitadores consistente na posta a disposición da Deputación de Lugo dunha prestación adicional consistente na mobilización de recursos materiais e humanos para realización de limpeza ordinarias ou extraordinarias por motivo de necesidades excepcionais ou non previstas. Esta prestación adicional deberá valorarse en horas de traballo, das que poderá dispoñer libremente, e sen custo ningún, a Deputación de Lugo en calquera momento da execución do contrato segundo se vaian plantexando as ditas necesidades.

No caso de que se detecte un incumprimento nas horas ofertadas (ou que ditas horas non fosen solicitadas por parte da Deputación Provincial de Lugo) procederase en todo caso ao desconto das mesmas en factura (cando se proceda ao pagamento da última factura) para o que se estima que o valor do custo hora é o prezo de adxudicación do contrato ofertado polo licitador que resulte adxudicatario para cada lote, que en todo caso non poderá ser inferior ao importe de 12,10 euros (IVE incluído), co obxecto de garantir as esixencias mínimas salariais impostas polo convenio colectivo vixente. Este desconto en factura é compatible coas consecuencias que incumprir unha mellora conleva, como eventual causa de resolución contractual.

3. Plan de formación. Avaliarase o número de horas de formación vinculadas á prestación do servizo obxecto da licitación. O licitador deberá achegar un plan de formación no que figuren o número de horas e a formación a impartir. Non obterán puntuación neste criterio os licitadores que non acheguen o plan de formación.

O licitador que oferte un maior número de horas de formación obterá a máxima puntuación. O resto avaliaránse atendendo á seguinte fórmula matemática:

$$\text{Puntuación} = 5 * (F_i/F_{\max})$$

Onde F_i = horas de formación da empresa “i” que se valora.

$F_{\max}$ = número de horas máis alta de todas as presentadas.

As ofertas en branco obterán 0 puntos neste apartado.

O número máximo de horas de formación a ofertar será de 10 horas anuais por traballador, para cada lote. Os excesos

sobre o número máximo de horas non serán avaliados, non obstante serán de obrigado cumprimento para o licitador que os oferte”.

No apartado S.4 do cadro resumo rectifícanse o número de horas semanais que figuran no lote 3 para os traballadores con antigüidade 15/09/2014, 18/05/2012, 25/03/2013, 01/01/2003 e 01/01/1993 e no lote 4 para os traballadores con antigüidade 04/04/1991, 12/01/1999, 01/09/2008 e 01/06/2011, que pasan de 39 a 38 horas semanais.

Engádesse ao apartado Y do cadro resumo o seguinte texto:

Cando se proceda ao pagamento da última factura emitida polo servizo contratado, deberá acreditarse o número de horas da bolsa de hora ofertada polo licitador, no caso de terse executado menos das ofertadas, reducirase o prezo a pagar, en importe equivalente a valorización prezo/hora indicado polo licitador que resultou adxudicatario. Este prezo/hora virá fixado na oferta do licitador que resulte adxudicatario que en todo caso non poderá ser inferior ao importe de 12,10 euros prezo/hora (IVE engadido). En caso de non especificarse prezo/hora, resultará de aplicación o importe mínimo.

Modifícase o punto 4 do Anexo III, co obxecto de aclarar que a bolsa de horas/ano ofertada polo licitador é de libre disposición por parte da Deputación de Lugo e que o seu obxecto é cubrir necesidades ordinarias ou extraordinarias que non poidan ser acometidas conforme ás frecuencias establecidas no PPT. Engádesse un inciso ao punto 5 do Anexo III, co obxecto de recoller que o número de horas de formación deberá acompañarse do correspondente plan de formación no que figuren o número de horas e a formación a impartir.”

Considerando o anterior e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

Lexislación aplicable:

Lei de contratos do sector Público 9/2017 pola que se traspoñen as directivas comunitarias en materia de contratación pública.

Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.



A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso a Xunta de Goberno que actúa como órgano de contratación na aprobación do expediente.

Asimesmo, o presente se someterá ó conforme da secretaria xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª de la LCSP y del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Consideracións.

a) Dende o punto de vista formal:

Consta a lexitimación da recorrente como licitadora no procedemento.

Compre asimesmo facer constar que se formulou o recurso e se comunicou a impugnación cando o expediente se atopaba suspendido.

b) Respecto do fondo.

Dacordo coa documentación obrante no expediente, e vistas as alegacións do recorrente , entendemos que procede a inadmisión do recurso por desaparición do seu obxecto , xa que ó facer as rectificacións e correccións oportunas que procedían por diversos motivos ó abeiro do establecido no artigo 109.2 da lei 39/2015, se da ademais resposta ás alegacións do recorrente, producíndose asimesmo a retroacción do expediente e a publicación dos anuncios coa reposición do prazo integro de licitación establecido para os expedientes relativos a contratos suxeitos a regulación armonizada.

Por tanto, proponse a Xunta de Goberno a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:

1º.- Que procedería a inadmisión do recurso 195/2021 pola desaparición do seu obxecto , toda vez que se teña aprobado a rectificación e retroacción do expediente.

2º.- Dar traslado do presente como informe do órgano de contratación reclamado polo TACGAL, xunto co resto do expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Primeiro.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober- Doade (LU-903)”, P.K. 13+740 a 14+480.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 02-09-2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"(...) Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EQHLINERCRPH74FISMFBAIM¹.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade (LU-903)”, P.K. 13+740 a 14+480, redactado por D^a Marta Herbón Meilán, con CSV: IV7EQKTTLNR7RP4L2UOBI5764Y.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7EQML5LIEY366IYV6TO4ZX64.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7ESTJP3RUMXWUP6B6SKUJVAM.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7ESTJCCF56IW6T45WFA3RVME.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7ESWZ7BMMSITMYABOFITQWOM.

¹ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Acordo da Xunta de Goberno, de data 11/06/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7ESLXKFJO4VC6L2NXSMZAECA.

Publicación, o día 17/06/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29/07/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV7E2HKTDQP6JPP4RR4W6T7S4A.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

SOBER.- ACONDICIONAMENTO LU-P-5903 “SOBER-DOADE (LU-903)”, P.K. 13+740 A 14+480
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)
VALOR ESTIMADO
CLASIFICACION EXIGIDA:
PRAZO DE EXECUCION:

130.705,23	
108.020,85	22.684,38

NO
9 MESES

MAXIMO
2.160,42

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído - art 102)	Oferta (m Cuneta formigonada)	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado)	Plantel / Discapacitados
1	ACOVAL SA		126.914,78 €	0,00	100,00 €	47/1
2	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		118.580,00 €	200,00	500,00 €	14/0
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		118.994,04 €	5,00	376,86 €	3/0

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas

Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m Cuneta formigonada)	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ACOVAL SA		126.914,78 €	23,45	0,00	0,00	100,00 €	1,00	24,45
2	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		118.580,00 €	75,00	200,00	20,00	500,00 €	5,00	100,00
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		118.994,04 €	72,44	5,00	0,50	376,86 €	3,77	76,71

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	ACOVAL SA		126.914,78 €
2	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		118.580,00 €
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		118.994,04 €

MEDIA
121.496,27

BAIXA DESPROPORCIONADA
109.346,65

10% ARRIBA
133.645,90

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	100,00
2	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	76,71
3	ACOVAL SA	24,45

Requirir á empresa Fevisa Vías y Obras SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se



refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios a adscribir á execución do contrato-e a constitución da garantía definitiva por importe de 4.900,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 03/08/2021, con CSV: IV7E3UDY2F4J4RHDSN6H747OMY, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Fevisa Vías y Obras SL para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 04/08/2021, rematando o prazo de presentación o día 18/08/2021. A mercantil Fevisa Vías y Obras SL, presentou a documentación requirida o 12/08/2021 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 02/09/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Fevisa Vías y Obras SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Fevisa Vías y Obras SL con C.I.F. B-27276856 representada por D. Fernando José López Méndez, con DNI ****6861**, a contratación da obra denominada SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade (LU-903)”, P.K. 13+740 a 14+480, no prezo de 118.580,00 €, dos cales 20.580,00€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en 200 metros de lonxitude de cuneta formigonada, coas características indicadas no

PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 500,00€ mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Fevisa Vías y Obras SL con C.I.F. B-27276856 representada por D. Fernando José López Méndez, con DNI ***6861**, a contratación da obra denominada



SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade (LU-903)”, P.K. 13+740 a 14+480, no prezo de 118.580,00 €, dos cales 20.580,00€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en 200 metros de lonxitude de cuneta formigonada, coas características indicadas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 500,00€ mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: PANTÓN.- Rehabilitación superficial de firme, mediante regos con gravilla, das estradas provinciais LU-P-4110 “Arribada (LU-P-4103a)- Budián”, P.K. 0+000 a 5+051; LU-P-4111 “LU-P- LU-P-4106- Santa Mariña de Eiré- Marce (LU-P-4107)”, P.K. 0+000 a 9+294 e LU-P-4114 “Mañente (N-120a)- Toldaos- LU-P-4108” P.K. 0+000 a 3+539.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 02/09/2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7ESXHIHJEDZON4QEE4EQ3HCM².

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: PANTÓN.- Rehabilitación superficial de firme, mediante regos con gravilla, das estradas provinciais LU-P-4110 “Arribada (LU-P-4103a)- Budián”, P.K. 0+000 a 5+051; LU-P-4111 “LU-P- LU-P-4106- Santa Mariña de Eiré- Marce (LU-P-4107)”, P.K. 0+000 a 9+294 e LU-P-4114 “Mañente (N-120a)- Toldaos- LU-P-4108” P.K. 0+000 a 3+539, con CSV: IV7ESXHIJXXCXLB26TYEM4PV4U.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7ES226HX4T6XU4S56QIECO64.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7ESCKPHJUY2TR44JYH6MIBH4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7ESCKSZQWPLHJN2F6VAJPBHY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7ESLK2DJNKJ3RPUJXUEAZ76Y.

² Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Acordo da Xunta de Goberno, de data 18/06/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7E433NFH757KUTCQ44CUIVGI.

Publicación, o día 24/06/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29/07/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV7E2HJLIA67X2GD4VYFG4JVC4.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

PANTÓN.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME, MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA, DAS ESTRADAS PROVINCIAIS LU-P-4110 “ARRIBADA (LU-P-4103a)- BUDIÁN”, P.K. 0+000 A 5+051; LU-P-4111 “LU-P-4106 – SANTA MARINA DE EIRÉ – MARCE (LU-P-4107)”, P.K. 0+000 A 9+294 E LU-P-4114 “MAÑENTE (N-120a) – TOLDAOS – LU-P-4108” P.K. 0+000 A 3+539
 ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)
 VALOR ESTIMADO
 CLASIFICACION EXIGIDA:
 PRAZO DE EXECUCION:

205.774,94	
170.061,93	35.713,01
NO	
5 MESES	
	MAXIMO 3.401,24

EMPRESAS / (GRUPO)		DOC "A"	(A) PRECIO (75) PREZO (IVE incluído - art 102)	(B) MELLORAS (20) AUMENTO TRATAMENTO SUPERFICIAL MAX: 14260 M2	(C) P. DIVULGACIÓN (5) Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	CRITERIO DESEMPATE Plantel / Discapacitados
1	ACOVAL SA		189.066,01 €	0,00	100,00 €	47/1
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	176.100,98 €	0,00	0,00 €	49/0
3	ECOASFALT SA		168.069,00 €	5.000,00	3.401,24 €	48/0
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	204.490,00 €	14.260,00	0,00 €	6/0
5	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		176.660,00 €	2.500,00	1.000,00 €	14/0
6	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		184.065,68 €	500,00	404,66 €	1/0
7	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL		196.700,26 €	14.260,00	3.401,24 €	28/0
8	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		189.311,76 €	1.500,00	991,74 €	39/2

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	AUMENTO TRATAMIENTO SUPERFICIAL MAX: 14260 M2	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ACOVAL SA		189.066,01 €	33,24	0,00	0,00	100,00 €	0,15	33,39
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	176.100,98 €	59,02	0,00	0,00	0,00 €	0,00	59,02
3	ECOASFALT SA		168.069,00 €	75,00	5.000,00	7,01	3.401,24 €	5,00	87,01
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	204.490,00 €	2,56	14.260,00	20,00	0,00 €	0,00	22,56
5	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		176.660,00 €	57,91	2.500,00	3,51	1.000,00 €	1,47	62,89
6	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		184.065,68 €	43,18	500,00	0,70	404,66 €	0,59	44,47
7	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL		196.700,26 €	18,05	14.260,00	20,00	3.401,24 €	5,00	43,05
8	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		189.311,76 €	32,75	1.500,00	2,10	991,74 €	1,46	36,31

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	ACOVAL SA		189.066,01 €
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	176.100,98 €
3	ECOASFALT SA		168.069,00 €
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	204.490,00 €
5	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		176.660,00 €
6	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		184.065,68 €
7	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL		196.700,26 €
8	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		189.311,76 €

MEDIA
182.853,38

BAIXA DESPROPORCIONADA
164.568,05

10% ARRIBA
201.138,72

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:

EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	204.490,00 €
--------------------------	--------------

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:



EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	ECOASFALT SA	87,01
2	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	62,89
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A 59,02
4	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	44,47
5	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL	43,05
6	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	36,31
7	ACOVAL SA	33,39
8	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A 22,56

Requirir á empresa Ecoasfalt SA para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) e acredite a efectiva disposición dos medios a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva por importe de 6.945,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 03/08/2021, con CSV: IV7E3UDYHPRPJNNMSBPNJ3YWMU, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Ecoasfalt SA, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 04/08/2021, rematando o prazo de presentación o día 18/08/2021. A mercantil Ecoasfalt SA, presentou a documentación requirida o 17/08/2021 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 02-09-2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Ecoasfalt SA presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Ecoasfalt SA con C.I.F. A-81055279 representada por D. Sabas Corraliza Tejeda con DNI ***2905**, a contratación da obra denominada PANTÓN.- Rehabilitación superficial de firme, mediante regos con gravilla, das estradas provinciais LU-P-4110 “Arribada (LU-P-4103a)- Budián”, P.K. 0+000 a 5+051; LU-P-4111 “LU-P-4106 – Santa Mariña de Eiré – Marce (LU-P-4107)”, P.K. 0+000 a 9+294 E LU-P-4114 “Mañente (N-120a) – Toldaos – LU-P-4108” P.K. 0+000 a 3+539, no prezo de 168.069,00 €, dos cales 29.169,00€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en 5.000 metros² de aumento de superficie de dobre tratamento superficial a executar dentro do ámbito territorial do proxecto, coas características indicadas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.401,24€ mais IVE e un prazo de execución de 5 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.



Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Ecoasfalt SA con C.I.F. A-81055279 representada por D. Sabas Corraliza Tejeda con DNI ***2905**, a contratación da obra denominada PANTÓN.- Rehabilitación superficial de firme, mediante regos con gravilla, das estradas provinciais LU-P-4110 “Arribada (LU-P-4103a)- Budián”, P.K. 0+000 a 5+051; LU-P-4111 “LU-P-4106 – Santa Mariña de Eiré – Marce (LU-P-4107)”, P.K. 0+000 a 9+294 e LU-P-4114 “Mañente (N-120a) – Toldaos – LU-P-4108” P.K. 0+000 a 3+539, no prezo de 168.069,00 €, dos cales 29.169,00€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en 5.000 metros² de aumento de superficie de dobre tratamento superficial a executar dentro do ámbito territorial do proxecto, coas características indicadas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.401,24€ mais IVE e un prazo de execución de 5 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE PROXECTOS DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta en relación coa modificación do proxecto da obra identificada como: OUIROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540)- Sixto - Muras", PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602)- Ambosores- Campo do Foxo (LU-P-3807)", PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807)- Portapena (LU-P-6406)", PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402)- Ponte Segade", PK 0+000 a 0+200.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“Primeiro.- En data 23/10/2020 aprobouse o proxecto técnico, expediente e contratación da obra denominada OUIROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540)- Sixto-



Muras", PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602)- Ambosores- Campo do Foxo (LU-P-3807)", PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807)- Portapena (LU-P-6406)", PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402)- Ponte Segade", PK 0+000 a 0+200, cun orzamento de licitación de 299.960,39€, dos cales 52.059,24€ son de IVE.

Segundo.- A obra foi adxudicada por acordo da Xunta de Goberno de data 29/01/2021, a empresa Carferlo SL, na cantidade de 254.584,00 euros, (IVE incluído) e con un prazo de execución de 6 meses.

Terceiro.- Con data 04/02/2021, formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo.

Cuarto.- En data 03/03/2021, asínase acta de comprobación de reformulo.

Quinto.- Por acordo da Xunta de Goberno, de data 02/07/2021 aprobouse autorización para redacción do proxecto modificado da obra indicada.

Sexto.- Na data 10/09/2021, remitiuse a este Servizo de Contratación e Fomento expediente telemático 2021/XEN_01/001792, co proxecto modificado da obra identificado na cabeceira e Acta de Replanteo previo, incorporados ao expediente de aprobación de autorización de redacción de modificado.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- Tendo en conta o previsto no artigo 97 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, (en adiante RXLCSP), que sinala “Con carácter general, salvo lo establecido en la legislación de contratos de las Administraciones públicas para casos específicos, cuantas incidencias surjan entre la Administración y el contratista en la ejecución de un contrato por diferencias en la interpretación de lo convenido o por la necesidad de modificar las condiciones contractuales, se tramitarán mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente las actuaciones siguientes:

Propuesta de la Administración o petición del contratista.

Audiencia del contratista e informe del servicio competente a evacuar en ambos casos en un plazo de cinco días hábiles.

Informe, en su caso, de la Asesoría Jurídica y de la Intervención, a evacuar en el mismo plazo anterior.

Resolución motivada del órgano que haya celebrado el contrato y subsiguiente notificación al contratista.

Salvo que motivos de interés público lo justifiquen o la naturaleza de las incidencias lo requiera, la tramitación de estas últimas no determinará la paralización del contrato”.

Segunda.- O artigo 242. 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP), indica, en relación coa modificación dos proxectos “... Cuando el director facultativo de la obra considere necesaria una modificación del proyecto y se cumplan los requisitos que a tal efecto regula esta Ley, recabará del órgano de contratación autorización para iniciar el correspondiente expediente”.

Neste caso, dita autorización foi aprobada pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 02/07/2021.

Terceira.- Tendo en conta o disposto no artigo 205 da LCSP, que establece “Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

a) Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.

b) Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

2. Los supuestos que eventualmente podrían justificar una modificación no prevista, siempre y cuando esta cumpla todos los requisitos recogidos en el apartado primero de este artículo, son los siguientes:

a) Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados, siempre y cuando se den los dos requisitos siguientes:

1.º Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con

características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.

2.º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

b) Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:

1.º Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.

2.º Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

3.º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

(...)”.

No proxecto modificado, e informes da Dirección técnica, indicase o suposto acaecido para a modificación, así como relativo aos requisitos recollidos no apartado a) do artigo 205.2, no sentido “...necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato...” indicando, neste sentido que se cumpren todas as condicións establecidas no indicado artigo.

Cuarta.- No que atinxe as especialidades procedementais sinaladas no artigo 207 da LCSP, a proposta para a modificación, así como o proxecto modificado, aparece aceptada polo contratista, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.

En todo caso e consonte ao establecido polo Artigo 206 da LCSP, “... las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas cuando impliquen,

aislada o conjuntamente, una alteración en su cuantía que no exceda del 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido.

Cuando de acuerdo con lo dispuesto en el apartado anterior la modificación no resulte obligatoria para el contratista, la misma solo será acordada por el órgano de contratación previa conformidad por escrito del mismo, resolviéndose el contrato, en caso contrario, de conformidad con lo establecido en la letra g) del apartado 1 del artículo 211”.

Segundo o proxecto e informes da Dirección Técnica, neste caso o importe do modificado suporía un incremento de 48.237,50€ (IVE incluído), non superando o 20%, xa que indica “...dichas modificaciónes presentan un incremento económico del 18,95% respecto del precio primitivo...”.

Quinta.- Tratándose dun contrato de obras, debe atenderse ao establecido no artigo 242 da LCSP, que sinala “...Cuando las modificaciones supongan la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en este, y no sea necesario realizar una nueva licitación, los precios aplicables a las mismas serán fijados por la Administración, previa audiencia del contratista por plazo mínimo de tres días hábiles. Cuando el contratista no aceptase los precios fijados, el órgano de contratación podrá contratarlas con otro empresario en los mismos precios que hubiese fijado, ejecutarlas directamente u optar por la resolución del contrato conforme al artículo 211 de esta Ley”.Este trámite coñecese como acta de prezos contraditorios.

Sexta.- Que de acordo co establecido no artigo 242.5 da LCSP, reproducido, cando a tramitación do modificado esixa a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras e elo ocasionará graves prexuízos para o interese público, poderase acordar que continúen provisionalmente as mesmas, sempre que o importe máximo previsto non supere o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e exista crédito adecuado e suficiente para a súa financiación.

Neste caso, segundo o proxecto modificado e informes técnicos, indica que non supón incremento superior ao 20% do prezo primitivo do contrato, ao alcanzar dito modificado o 18,95%.

Sétima.- Consta Certificado da intervención de 10/06/2021, de que existe crédito adecuado e suficiente para a súa financiación, na aplicación 4530.619, para o importe de 48.237,50 euros.



Oitava.- A modificación do contrato conlevará o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.2 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado.

Neste caso procede a constitución de garantía definitiva por importe de 1.993,29€ (5% sobre incremento modificado sen IVE).

Novena.- A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (RXLCAP). No proxecto indícase que se mantén o prazo de execución.

Non obstante consta acta de suspensión das obras de data 16/08/2021.

Décima.- Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3 “O órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é o que figura no apartado B do cadro resumo (Xunta de Goberno).

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos e poñen fin a vía administrativa, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación en vía administrativa e/ou xurisdiccional, nos termos que se indican. O órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 54 do Regulamento orgánico, da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de 03 de setembro de 2020.

Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación para a modificación do proxecto, efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente a modificación do proxecto da obra OUROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540) - Sixto- Muras", PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602)- Ambosores- Campo do Foxo (LU-P-3807)", PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807)- Portapena (LU-P-6406)",

PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402)- Ponte Segade", PK 0+000 a 0+200), entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte resolución neste sentido:

Aprobar o proxecto modificado da obra OUROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540)- Sixto- Muras", PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602)- Ambosores- Campo do Foxo (LU-P-3807)", PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807)- Portapena (LU-P-6406)", PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402)- Ponte Segade", PK 0+000 a 0+200 redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D José Fernández Parajes, por importe de 356.795,62€ dos que 61.923,21€ son de IVE.

Aprobar a modificación do contrato adxudicado á mercantil Carferlo SL, que prestou conformidade ao mesmo, aplicando a mesma baixa de adxudicación que o proxecto primitivo, polo que resulta un importe de adxudicación de 302.821,50 € (IVE incluído) supoñendo un aumento respecto do primitivo de 48.237,50€ IVE incluído, (18,95%).

Aprobación do gasto por importe de 48.237,50€.

Requirir a empresa para que reaxuste a fianza definitiva na cantidade de 1.993,29 €, no prazo de dez días dende a notificación do presente.

Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

Sometelo proxecto modificado a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.”

A vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto polo Servizo de Intervención, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte Acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da obra OUROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540)- Sixto- Muras", PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602)-



Ambosores- Campo do Foxo (LU-P-3807)", PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807)- Portapena (LU-P-6406)" , PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402)- Ponte Segade" , PK 0+000 a 0+200 redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D José Fernández Parajes, por importe de 356.795,62€ dos que 61.923,21€ son de IVE.

2º.- Aprobar a modificación do contrato adxudicado á mercantil Carferlo SLU, que prestou conformidade ao mesmo, aplicando a mesma baixa de adxudicación que o proxecto primitivo, polo que resulta un importe de adxudicación de 302.821,50 € (IVE incluído) supoñendo un aumento respecto do primitivo de 48.237,50€ IVE incluído, (18,95%).

3º.- Aprobación do gasto por importe de 48.237,50€.

4º.- Requerir a empresa para que reaxuste a fianza definitiva na cantidade de 1.993,29 €, no prazo de dez días dende a notificación do presente.

5º.- Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

6º.- Sometelo proxecto modificado a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA APLICACIÓN DE REMANENTES NO PLAN ÚNICO PROVINCIAL 2021.

Escrito do Concello de Xermade, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 327, 328 e 329 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. (PUC/21).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Xermade, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (327,328 e 329) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”



O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Xermade presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
XERMADE	327	REPARACION DE ESTRADAS EN MOMÁN, BIDUEIRO, PENA DA ARCA, LIÑARES, MEDE E SEIXIDO	1531.76201	24.265,40€
XERMADE	328	REPARACION DE ESTRADAS EN PICOUCOLO, VILACIDE, O REGO, NOVA, GANDIA, A PINGUELA, ROUPAR, A GRAÑA, A PÍA, PORTONOVO, O EMPALME, CASTORRAMIL, LIÑARES, A VEIGA E SANCHE	1531.76201	33.691,51 €
XERMADE	329	MELLORA DE BEIRARRÚAS EN ROUPAR (FASE ii)	1532.76201	2.006,76 €

Por escrito data 20/09/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
XERMADE	REM	AMPLIACIÓN DE BEIRARRUAS EN ROUPAR	1532.76201	10.809,25 €	2.006,76€	12.816,01€
XERMADE	REM	REPARACIÓN DE CARRETERAS EN FOLGUEIRA, MUIÑO NOVO, CASANOVA E A ZAIPA	1531.76201	0,00€	57.956,91 €	57.956,91€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Xermade, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Xermade e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
XERMADE	REM	AMPLIACIÓN DE BEIRARRUAS EN ROUPAR	1532.76201	10.809,25 €	2.006,76€	12.816,01€
XERMADE	REM	REPARACIÓN DE CARRETERAS EN FOLGUEIRA, MUIÑO NOVO, CASANOVA E A ZAIPA	1531.76201	0,00€	57.956,91 €	57.956,91€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON PRÓRROGAS DE PRAZOS DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:



En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos que logo se indican, no que solicitan prórroga para a execución e xustificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a execución e xustificación dos investimentos, sería na data limite do 30 de setembro de 2021 e 15 de outubro de 2021 respectivamente. Non obstante establécese que excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate no que especificará os motivos e indicará o prazo ata que solicita dita prórroga, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno. Dita solicitude de prórroga deberá achegarse á Deputación antes do 15 de setembro de 2021, e non se concederá prórrogas que superen a data do 30 de outubro de 2021, para a execución do investimento e o 15 de novembro de 2021 para xustificación do mesmo.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

As Alcaldías dos Concellos que deseguido se indican solicitan unha prórroga para execución e xustificación, polos motivos e prazos que se sinalan:

Concello de Burela

O concello de Burela incluíu ao abeiro do Plan Único 2020, entre outros:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BURELA	41	REHABILITACIÓN DE FIRME E RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS URBANAS NA RÚA RIO COBO, INCLUÍDO HONORARIOS	9.500,00€	67.404,42€	76.904,42€

A Alcaldía do Concello de Burela, a través de escrito de data 23/07/2021, solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada (retrasos na adxudicación), que consta no expediente, ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN ATA:	PRAZO XUSTIFICACIÓN ATA:
BURELA	41	REHABILITACIÓN DE FIRME E RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS URBANAS NA RÚA RIO COBO, INCLUÍDO HONORARIOS	30/10/2021	15/11/2021

Concello de Folgoso do Courel.

O Concello de Folgoso do Courel incluíu ao abeiro do Plan Único 2020, entre outros:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FOLGOSO DO COUREL	89	REPARACIÓN DE DEPÓSITOS DE AUGA, EN CASTRO DE ROMEOR, CORTES, SECEDA E ESPERANTE, NOVO DEPÓSITO EN MOREDA E CANALETA EN SECEDA, INCLUÍDO HONORARIOS	2.527,10 €	33.987,16 €	36.514,26 €

A Alcaldía do Concello de Folgoso do Courel a través de escrito con rexistro de entrada de data 15-09-2021 solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada (afección Covid-19), que consta no expediente, ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN ATA:	PRAZO XUSTIFICACIÓN ATA:
FOLGOSO DO COUREL	89	REPARACIÓN DE DEPÓSITOS DE AUGA, EN CASTRO DE ROMEOR, CORTES, SECEDA E ESPERANTE, NOVO DEPÓSITO EN MOREDA E CANALETA EN SECEDA, INCLUÍDO HONORARIOS	30/10/2021	15/11/2021

Concello de Fonsagrada, A

O Concello de A Fonsagrada incluíu ao abeiro do Plan Único 2020, entre outros:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FONSAGRADA, A	93	ACTUACIÓNS DE ACONDICIONAMENTO PISTA DE VILAPIÑOL AO FITO, REPOSICIÓN DE SERVIZOS NA RÚA OS CHAOS, APERTURA CAMIÑO EN CEREIXIDO, REHABILITACIÓN DE MURO NA POBRA DE BURÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EXTERIORES EN MOREIRA, POR ADMINISTRACIÓN, INCLUÍDO HONORARIOS	18.585,70 €	202.829,52 €	221.415,22 €
	94	SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓN PARA EXECUCIÓN DE OBRAS EN VIARIO, EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	0,00 €	8.076,46 €	8.076,46 €



Por acordo da Xunta de Goberno de data 15/01/2021 modificouse o proxecto do investimento nº 93.

A Alcaldía do Concello de A Fonsagrada a través de escrito con rexistro de entrada de data 14/09/2021 solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, (adversidades meteorolóxicas) que consta no expediente, ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN ATA:	PRAZO XUSTIFICACIÓN ATA:
FONSAGRADA, A	93	ACTUACIÓNS DE ACONDICIONAMENTO PISTA DE VILAPIÑOL AO FITO, REPOSICIÓN DE SERVIZOS NA RÚA OS CHAOS, APERTURA CAMIÑO EN CEREIXIDO, REHABILITACIÓN DE MURO NA POBRA DE BURÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS ENTERIORES EN MOREIRA, POR ADMINISTRACIÓN, INCLÚIDO HONORARIOS	30/10/2021	15/11/2021
	94	SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓN PARA EXECUCIÓN DE OBRAS EN VIARIO, EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS		

Concello de Guitiriz

O Concello de Guitiriz incluíu ao abeiro do Plan Único 2020, entre outros:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
GUITIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	61.455,88 €	82.923,25 €	144.379,13 €

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 09/04/2021 foi modificado o proxecto do indicado investimento.

A Alcaldía do Concello de Guitiriz a través de escrito con rexistro de entrada de data 14/09/2021 solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, (problemas de subministro de materiais) que consta no expediente, ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN ATA:	PRAZO XUSTIFICACIÓN ATA:
GUITIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	30/10/2021	15/11/2021

Concello de Lugo

O Concello de Lugo incluíu ao abeiro do Plan Único 2020, con cargo a remanentes, por acordo da Xunta de Goberno, de data 09/07/2021, entre outros:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LUGO	REM	MELLORA DO FIRME DAS DÚAS ESTRADAS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PIAS, INCLUÍDO HONORARIOS	--	43.405,75€	43.405,75€
	REM	MELLORA DO FIRME ESTRADAS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE PIUGOS E TIRIMOL, INCLUÍDO HONORARIOS	--	29.388,74€	29.388,74€

A Alcaldía do Concello de Lugo a través de escrito con rexistro de entrada de data 13/08/2021 solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, (autorizacións sectoriais) que consta no expediente, ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN ATA:	PRAZO XUSTIFICACIÓN ATA:
LUGO	REM	MELLORA DO FIRME DAS DÚAS ESTRADAS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PIAS, INCLUÍDO HONORARIOS	30/10/2021	15/11/2021
	REM	MELLORA DO FIRME ESTRADAS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE PIUGOS E TIRIMOL, INCLUÍDO HONORARIOS		

Concello de Navia de Suarna

O Concello de Navia de Suarna incluíu ao abeiro do Plan Único 2020, entre outros:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
NAVIA DE SUARNA	158	MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS NA RÚA CIMADEVILA, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	43.947,29 €	43.947,29 €
	159	REXENERACIÓN E ENSANCHE DO CAMIÑO DE ACCESO A SEVANE, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	15.589,00 €	15.589,00 €

A Alcaldía do Concello de Navia de Suarna a través de escrito con rexistro de entrada de data 13/09/2021 solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, (problemas de subministro material e cesións de terreos) que consta no expediente, ata os prazos que se sinalan:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN ATA:	PRAZO XUSTIFICACIÓN ATA:
NAVIA DE SUARNA	158	MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS NA RÚA CIMADEVILA, INCLUÍDO HONORARIOS	30/10/2021	15/11/2021
	159	REXENERACIÓN E ENSANCHE DO CAMIÑO DE ACCESO A SEVANE, INCLUÍDO HONORARIOS		

Concello de Pedrafita do Cebreiro.

O concello de Pedrafita do Cebreiro incluíu ao abeiro do Plan Único 2020, entre outros:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	219	REPARACIÓN E MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS: PADORNELO-VILLASOL, P.K. 0+4 A 4+8; DE VEIGA DE BRAÑAS A LÍMITE MUNICIPAL, P.K. 0+0 A 0+88; BRIMBEIRA-TEIXOEIRAS, P.K. 0+0 A 4+38 E FONTEBOA -ZANFOGA, P.K. 0+00 A 4+36, INCLUÍDO HONORARIOS	5.054,20 €	46.695,80 €	51.750,00 €
	220	MELLORA DE PECHE EN RÚA ACCESO A ESTRADA CERVANTES, INCLUÍD HONORARIOS	--	27.783,33€	27.783,33€

A Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro a través de escrito con rexistro de entrada de data 13/09/2021 solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, (urxencia de arranxo doutras estradas por proba deportiva) que consta no expediente, ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN ATA:	PRAZO XUSTIFICACIÓN ATA:
PEDRAFITA DO CEBREIRO	219	REPARACIÓN E MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS: PADORNELO-VILLASOL, P.K. 0+4 A 4+8; DE VEIGA DE BRAÑAS A LÍMITE MUNICIPAL, P.K. 0+0 A 0+88; BRIMBEIRA-TEIXOEIRAS, P.K. 0+0 A 4+38 E FONTEBOA -ZANFOGA, P.K. 0+00 A 4+36, INCLUÍDO HONORARIOS	30/10/2021	15/11/2021
	220	MELLORA DE PECHE EN RÚA ACCESO A ESTRADA CERVANTES, INCLUÍD HONORARIOS		

Concello de Ribadeo.

O Concello de Ribadeo incluíu ao abeiro do Plan Único 2020, entre outros:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBADEO	252	SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN ENTRE O VALADO E O CAMPO DE SAN LORENZO (VILAFRAMIL) E SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DE CINXE (A DEVESA)	45.440,15 €	49.540,00 €	94.980,15 €

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 27/11/2020 aprobouse modificación do proxecto do investimento indicado.

A Alcaldía do Concello de Ribadeo a través de escrito con rexistro de entrada de data 03/09/2021 solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, (autorizacións sectoriais) que consta no expediente, ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN ATA:	PRAZO XUSTIFICACIÓN ATA:
RIBADEO	252	SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN ENTRE O VALADO E O CAMPO DE SAN LORENZO (VILAFRAMIL) E SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DE CINXE (A DEVESA)	30/10/2021	15/11/2021

Concello de Sarria.

O Concello de Sarria incluíu ao abeiro do Plan Único 2020, inicialmente e por acordo da Xunta de Goberno de data 26/03/2021 con cargo a remanentes , entre outros:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
SARRIA	282	AMPLIACIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE MANAN, A VEIGA, CÉLTIGOS, O MATO, TOSAL, SANTO ESTEVO, LOUSADELA, REDONDELO E FONDÓN, FASE1	0	220.003,63€	220.003,63€
	REM	OBRAS DE EXTENSIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN FERREIROS, RUBIN E SAN XULIÁN	27.015,32€	61.469,02€	88.484,34€

A Alcaldía do Concello de Sarria a través de escrito con rexistro de entrada de data 09/09/2021 solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, (pandemia Covid-19) que consta no expediente, ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN ATA:	PRAZO XUSTIFICACIÓN ATA:
SARRIA	282	AMPLIACIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE MANAN, A VEIGA, CÉLTIGOS, O MATO, TOSAL, SANTO ESTEVO, LOUSADELA, REDONDELO E FONDÓN, FASE1	30/10/2021	15/11/2021
	REM	OBRAS DE EXTENSIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN FERREIROS, RUBIN E SAN XULIÁN		

Concello de Trabada



O Concello de Trabada incluíu ao abeiro do Plan Único 2020, logo da modificación aprobada pola Xunta de Goberno de data 23/10/2020, entre outros:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TRABADA	301B	ADQUISICIÓN DE PARCELA URBANA SITUADA EN RIA DE ABRES PARA DESTINALA A ALBERGUE DE PEREGRINOS	--	18.940,48€	18.940,48€
	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A RIBELA	--	8.417,66€	8.417,66€

A Alcaldía do Concello de Trabada a través de escrito con rexistro de entrada de data 06/08/2021 solicita unha prórroga para a execución e xustificación dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente (discrepancias herdeiros e retraso material), ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN ATA:	PRAZO XUSTIFICACIÓN ATA:
TRABADA	301 B	ADQUISICIÓN DE PARCELA URBANA SITUADA EN RIA DE ABRES PARA DESTINALA A ALBERGUE DE PEREGRINOS	30/10/2021	15/11/2021
	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A RIBELA		

Conclusión

Polo que vai dito, infórmase favorablemente a concesión de prórroga aos Concellos indicados para a execución e xustificación dos investimentos, concretos e numerados, e incluídos no Plan único 2020, e ata os prazos indicados.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos sinalados e, en consecuencia, concederlles a prórroga solicitada para a adxudicación, dos investimentos indicados deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración (anexo III ou IV e declaración do lugar de colocación do cartel con coordenadas UTM), nos termos indicados nas bases.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN ATA:	PRAZO XUSTIFICACIÓN ATA:
BURELA	41	REHABILITACIÓN DE FIRME E RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS URBANAS NA RÚA RIO COBO, INCLUÍDO HONORARIOS	30/10/2021	15/11/2021
FOLGOSO DO COUREL	89	REPARACIÓN DE DEPÓSITOS DE AUGA, EN CASTRO DE ROMEOR, CORTES, SECEDA E ESPERANTE, NOVO DEPÓSITO EN MOREDA E CANALETA EN SECEDA, INCLUÍDO HONORARIOS		
FONSAGRADA, A	93	ACTUACIÓNS DE ACONDICIONAMENTO PISTA DE VILAPIÑOL AO FITO, REPOSICIÓ DE SERVIZOS NA RÚA OS CHAOS, APERTURA CAMIÑO EN CEREIXIDO, REHABILITACIÓN DE MURO NA POBRA DE BURÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EXTERIORES EN MOREIRA, POR ADMINISTRACIÓN, INCLUÍDO HONORARIOS		
	94	SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓN PARA EXECUCIÓN DE OBRAS EN VIARIO, EDIFICOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS		
GUTIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO		
LUGO	REM	MELLORA DO FIRME DAS DÚAS ESTRADAS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PIAS, INCLUÍDO HONORARIOS		
	REM	MELLORA DO FIRME ESTRADAS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE PIUGOS E TIRIMOL, INCLUÍDO HONORARIOS		
NAVIA DE SUARNA	158	MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS NA RÚA CIMADEVILA, INCLUÍDO HONORARIOS		
	159	REXENERACIÓN E ENSANCHE DO CAMIÑO DE ACCESO A SEVANE, INCLUÍDO HONORARIOS		
PEDRAFITA DO CEBREIRO	219	REPARACIÓN E MELLORA DE VIAS MUNICIPAIS: PADORNELO-VILLASOL, P.K. 0+4 A 4+8; DE VEIGA DE BRAÑAS A LÍMITE MUNICIPAL, P.K. 0+0 A 0+88; BRIMBEIRA-TEIXOIRAS, P.K. 0+0 A 4+38 E FONTEBOA -ZANFOGA, P.K. 0+00 A 4+36, INCLUÍDO HONORARIOS		
	220	MELLORA DE PECHE EN RÚA ACCESO A ESTRADA CERVANTES, INCLUÍDO HONORARIOS		
RIBADEO	252	SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN ENTRE O VALADO E O CAMPO DE SAN LOURENZO (VILAFRAMIL) E SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DE CINXE (A DEVESA)		
SARRIA	282	AMPLIACIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE MANAN, A VEIGA, CÉLTIGOS, O MATO, TOSAL, SANTO ESTEVO, LOUSADELA, REDONDELO E FONDÓN, FASE1		
	REM	OBRAS DE EXTENSIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN FERREIROS, RUBIN E SAN XULIÁN		
TRABADA	301 B	ADQUISICIÓN DE PARCELA URBANA SITUADA EN RIA DE ABRES PARA DESTINALA A ALBERGUE DE PEREGRINOS		
	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A RIBELA		

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2020.

Proposta de aprobación, se procede, en relacion co escrito da Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, solicitando modificación/ substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:



“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	221	CONSTRUCCIÓN DE DEPÓSITO NA RABACEIRA, INCLÚÍDO HONORARIOS	5.024,20€	20.860,87€	25.915,07€

O concello indicado achegou o correspondente anexo IV, relativo a obra por administración, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, das actuacións indicadas.

A Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro a través de escrito de data 18/05/2021 solicita:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	221	ACONDICIONAMENTO DE DEPÓSITO NA RABACEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	5.024,20€	20.860,87€	25.915,07€

A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimento nº 221, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “....a forma e ubicación do depósito impide a construción dun novo, optando polo acondicionamento do existente...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada.

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluiu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.



A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

En relación coa adxudicación dos investimentos, indicar que o investimento que se substitúe/modifica; súa execución prevese a través de medios propios non personificados, conforme ao artigo 30 da LCSP.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Pedrafita do Cebreiro que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2020.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PEDRAFITA DO CEBREIRO	221	ACONDICIONAMENTO DE DEPÓSITO NA RABACEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	5.024,20€	20.860,87€	25.915,07€

2º.- Someter esta modificación do Plan único 2020 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

4º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar na mellora e ampliación de camiño público no polígono industrial de Reboredo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a execución dos fins común de mellora e ampliación de camiño público no polígono industrial de Reboredo, consta no mesmo:



Solicitud do Concello de Monforte de Lemos con número de expediente no GTM: 2021/OSB_01/000048, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7FWIKPZTWZ7PJMAIMAO4HSA4.

Borrador de convenio con CSV: IV7FQ2JIPINNL5NLYBFE6DXSMY.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7FWOA7DMBPX3G7ZRHR4AHHM4.

Informe complementario do Servizo de Contratación en relación a erro aritmético, con CSV: IV7FQ2JI3F7N7WNM6ZYNIIQBGI.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de mellora e ampliación de camiño público no polígono industrial de Reboredo, con un orzamento total de 355.627,16 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 100.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna coa finalidade común de colaborar na adquisición dunha miniexcavadora.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para a execución dos fins común de adquisición dunha miniexcavadora, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Navia de Suarna con número de expediente no GTM: 2021/PES_03/018109, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7FWIKPZYFCYRONAV7WEUSVEA.

Borrador de convenio con CSV: IV7FQWQ7DNXJJVGZQB6WNZZ7MQ.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7FWOA5EH767HXS4N6SE5LHEU.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Navia de Suarna coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de adquisición dunha miniexcavadora, con un orzamento total de 60.000,00 euros.



2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 60.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa á modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución de fins comúns consistentes en: Construción de instalacións complementarias para uso deportivo, iluminación e accesos.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Construción de instalacións complementarias para uso deportivo, iluminación e accesos que dispón o seguinte:

“Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 25/09/2020, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Construción de instalacións complementarias para uso deportivo, iluminación e accesos.

Segundo.- En data 06/10/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ao obxecto:

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados, obxecto deste convenio, na data límite do 30 de setembro de 2021.

(...)"

Terceiro.- D. Lino Rodríguez Ónega, Alcalde do Concello de Pol achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 02/09/2021, a través do que solicita prorroga para executar as obras incluídas así como xustificación do mesmo.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”



Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán” Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en

acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar e xustificar as actuacións incluídas o convenio sexa o 30 de novembro de 2021.

Décimo segundo.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Conclusión.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente”.

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a adenda de modificación da data límite para a execución e xustificación dos investimentos do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de O Valadouro coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Adquisición de bombas de recirculación de auga para piscina municipal; adecuación de inmovible para uso de centro de día e elaboración de proxecto de construción de vivendas na localidade de Ferreira de Valadouro, e que se recolle en addenda ao convenio, de tal xeito que a data para executar e xustificar os investimentos quede fixada na data límite do 30 de novembro de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Sexto.- *Proposta relativa á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pontenova, para a execución de fins comúns consistentes en: Complexo histórico Mina Consuelo-Bouulloso en a Pontenova.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Pontenova, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Complexo histórico Mina Consuelo-Bouulloso en A Pontenova, que dispón o seguinte:

“Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 24/05/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Complexo histórico Mina Consuelo-Bouulloso en A Pontenova. En data 02/10/2020 a Xunta de Goberno aprobou addenda de modificación ao indicado convenio.

Segundo.- En data 24/05/2019 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova, sendo asinada addenda de modificación o 07/10/2020, no que entre outros se recollían na cláusula primeira:

“(…) que quedará redactado co seguinte teor:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
COMPLEXO HISTÓRICO MINA CONSUELO-BOULLOSO EN A PONTENOVA	300.000,00€ Anualidade 2020: 100.000,00€ Anualidade 2021: 200.000,00€)	17.605,80€ (Anualidade 2020)
TOTAL	317.605,80€	

(…)”

E na cláusula segunda da addenda, relativa ás obrigas do Concello de A Pontenova:

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30 de setembro de 2021”.

E na cláusula cuarta do convenio, relativa ao réxime económico e titularidade dos resultados, no apartado da Xustificación,

“(…)

... no prazo máximo de 2 meses, o Concello de A pontenova achegará a Deputación de Lugo unha conta xustificativa”

Terceiro.- Don Darío Campos Conde, Alcalde do Concello de A Pontenova achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 30/08/2021, e posterior aclaración, a través do que manifesta “... por unha parte o retraso na obtención da autorización precisa para a execución do proxecto por parte de Barras Electricas Galaico Asturianas, SA, así como a dificultade do subministro de materiais debido á situación sanitaria provocada pola Covid-19,”, solicita unha prorroga para a execución e xustificación do investimento.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.



Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar

na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)



2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa

formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de A Pontenova é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; k) cemiterios e actividades funerarias; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

No ámbito turístico e cultural, así como paisaxístico, deben tomarse como referencia, en canto as competencias das Corporacións Locais, á lexislación autonómica sectorial:

No ámbito turístico, a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, que no seu artigo 5 establece as competencias municipais: “corresponden ao concellos, se prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións: a) A protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal; (...)”, e no artigo 6, referente ás competencias das entidades locais supramunicipais, ao atribuírlle: “a) A promoción dos recursos turísticos e xeodestinos ...; b) O asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística; (...)”.

No ámbito cultural, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, cuxo artigo 1 determina o seu obxecto e definición “1. Esta lei ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia ... 2. O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmoables ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. Así mesmo, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorran algún dos valores enumerados



no parágrafo anterior e que se atopen en Galicia, con independencia do lugar no que se crearon. 3 (...)” e no seu artigo 2 que sinala as competencias e políticas sectoriais “(...) As distintas administracións públicas cooperarán para que as competencias respectivas se exerzan conforme ao establecido nesta Lei, (...)”; e o artigo 3 referente á colaboración interadministrativa “(...)”; 2. As entidades que integran a administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de: a) protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural; (...)”.

Na esfera paisaxística: A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe, artigo 2.2, letras b), e e), que sinalan “..., b) Defender y preservar el paisaje, favoreciendo una relación armónica y respetuosa entre la gente y su entorno, y promoviendo un uso racional y ordenado del territorio, que tenga en cuenta los valores naturales y culturales de los paisajes, (...), e) Fomentar la coordinación y la colaboración entre las distintas administraciones públicas en materia de paisaje”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Oitavo.- O Concello de A Pontenova segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo Concello de A Pontenova a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de A Pontenova tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da

Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia, e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O Concello de A Pontenova será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

Décimo.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo primeiro.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la



vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para reaxustar as datas límite para executar as actuacións incluídas o convenio e a xustificación das anualidades previstas, de xeito que a data límite para executar o investimento quede establecida no 30 de setembro de 2022 e as datas límites para xustificar o investimento que se realizará por anualidades, quedando fixada como data límite o 30 de novembro de 2021 para anualidade de 2020 e 31 de outubro de 2022 para anualidade de 2021.

Décimo segundo.- En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente”.

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que se aprobe a addenda de modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Pontenova, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Complexo histórico Mina Consuelo-Boulloso en A Pontenova, de tal xeito que:

A data límite para executar os investimentos quede fixada no 30 de setembro de 2022.

A data límite para a xustificación da anualidade de 2020 quede fixada no 30 de novembro de 2021.

A data límite para a xustificación da anualidade 2021 quede fixada no 31 de outubro de 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Escuela de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia” na anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Escuela de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, polo importe de 18.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 9.000,00€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2021, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:



Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Acreditación de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Declaración responsable do representante da entidade de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención, conformado pola Presidencia.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2021 da Liña 1.1- Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2021.

O obxecto que se persegue con esta subvención é fomentar, poñer en valor e potenciar ás entidades que promoven e desenvolven actividades dirixidas por e para a veciñanza, nas que os veciños sexan promotores e partícipes de actuacións de carácter colectivo. É dicir, fomentar e promover o asociacionismo e a colaboración da sociedade, tratando de acadar vínculos e solucións aos seus problemas de forma conxunta.

Neste caso, trátase de poñer en valor a labor desenvolta pola entidade promotora ao longo dos 125 de historia a prol do asociacionismo, vencellado coa mundo da música e a cultura, mediante o fomento das actividades para conmemorar o seu 125 aniversario.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 18.000,00€, a favor da entidade Escuela de Música de Antas de Ulla, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, subvención incluída na Liña 1.1- Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2021 para esta liña (Anexo I).

2º.- Aprobar o gasto de 18.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor da entidade Escuela de Música de Antas de Ulla, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Oitavo.- *Proposta de aprobación de addenda de convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Reparacións no campo de fútbol municipal de Malates”, ano 2020.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto que a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo de prestar a aprobación ao texto do “Convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz coa finalidade común de colaborar na execución dos fins común de Reparacións no campo de fútbol municipal de Malates”.

Visto que o Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Reparacións no campo de fútbol municipal de Malates”, ano 2020, se formalizou o 30 de decembro de 2020.

Vista a solicitude formulada polo Alcalde- Presidente do Concello de Foz, con CIF P2701900I, en expediente de número 2021/PES_03/017678 de ampliación de prazo do referido convenio.

Visto o informe do servizo de Deportes no que se reflicten as modificación que procederían do prazo de execución e de xustificación co fin de atender a petición da administración local solicitante e que órgano competente para aprobar a addenda sería a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Visto o informe do servizo de Contratación.

Visto o informe do servizo de Intervención.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación das cláusulas terceira e cuarta do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para sufragar os gastos derivados da realización do proxecto “Reparacións no campo de fútbol municipal de Malates”, ano 2020, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 30 de decembro de 2020 e formalizado o 30 de decembro de 2020, nos termos da addenda que se incorporar ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, en tanto non se vexan afectadas por esta addenda, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Noveno.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada pola Excma Deputación Provincial de Lugo a entidade Via Lactea Filmes S.L.. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Preparación longametraxe A Volta” para as anualidades 2021/ 2022/ 2023.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Via Lactea Filmes S.L. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Preparación longametraxe A Volta” durante as anualidades 2021/ 2022/ 2023, polo importe 100.000,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrenza das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.



Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2021.

Informe da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2021.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2021 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da na Liña 3.1 – Turismo, pertencente á Área de Réxime Interior, Promoción do territorio e Turismo do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2021 para esta liña (Anexo I), aprobado por Resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020 e actualizado por acordó da Xunta de Goberno de data 5 de marzo de 2021.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 100.000,00€, a favor da entidade Via Lactea Filmes SL, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Preparación longametraxe A Volta”, nas

anualidades 2021, 2022 e 2023, subvención incluída na Liña 3.1 - Turismo, pertencente á Área de Réxime Interior, Promoción do territorio e Turismo do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2021 para esta liña (Anexo I).

2º.- Aprobar o gasto plurianual de 100.000,00€, que se desagrega en 33.300,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4320.479, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor da entidade Via Lactea Filmes SL, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Preparación longametraxe A Volta”, e para as anualidades 2022, 33.700,00€, e para a 2023, 33.000,00€, e adquirir o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de incluír no Orzamento da anualidade 2022 a cantidade de 33.700,00€, e incluír no Orzamento da anualidade 2023 a cantidade de 33.000,00€, para facer fronte ás obrigas económicas das anualidades 2022 e 2023 respectivamente.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo da Granxa Gayoso Castro, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio sen contrato polo importe de 1.968,05 €.



O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo da Granxa Gayoso Castro, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Nº DE FACTURA	ACREEDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
12FV-13149	ECOAGRO CASTRO, S.L.	2021-07-31	1.749,53 €	Subministro de diverso material 2021/FAC_01/002392	Subministros	2021-07-31
21TB42	AGROCASTRO, S.L.	2021-06-30	111,80 €	Nitróxeno Líquido 2021/FAC_01/002396	Subministros	2021-06-30
21TB55	AGROCASTRO, S.L.	2021-07-31	106,72 €	Nitróxeno Líquido 2021/FAC_01/002399	Subministros	2021-07-31
TOTAL			1.968,05 €			

Total 1.968,05 €

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo da Granxa Gayoso Castro manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se corresponden con gastos estritamente necesarios para a execución das prestacións provinciais

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento

Visto/s informe/s de Intervención

Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data/s 16/09/2021 na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 1.968,05 € segundo a base 20.2 de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propoñendo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 1.968,05 €:

Nº DE FACTURA	ACREEDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
12FV-13149	ECOAGRO CASTRO, S.L.	2021-07-31	1.749,53 €	Subministro de diverso material 2021/FAC_01/002392	Subministros	2021-07-31
21TB42	AGROCASTRO, S.L.	2021-06-30	111,80 €	Nitróxeno Líquido 2021/FAC_01/002396	Subministros	2021-06-30
21TB55	AGROCASTRO, S.L.	2021-07-31	106,72 €	Nitróxeno Líquido 2021/FAC_01/002399	Subministros	2021-07-31
TOTAL			1.968,05 €			

Total 1.968,05 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente á subministración dun kit distribución para un vehículo, en execución da resolución da Presidencia de data 31/08/2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 20/09/2021, emitido polo Parque Móbil, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Primeiro.- Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Parque Móbil, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
AD Grupo Regueira, S.A.U.	Emit-479	15/05/2020	02/07/2020	2020/2158	Subministración dun kit de distribución para un vehículo.	353,32 €
TOTAL						353,32 €



Segundo.- Visto que consta:

A propia factura, con entrada no Rexistro de Facturas.

Informe do Parque Móbil, no que se dí que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e co prezo, no que consta a conformidade da Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 15/03/2021, polo representante de AD Grupo Regueira, S.A.U., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas. Así mesmo, comprométese a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa deste Parque Móbil, de data 07/07/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións.

Informe – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 23/07/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 14/01/2021, no que se dí que existía crédito dispoñible polo importe total da factura, no exercicio de procedencia no nivel de vinculación da aplicación orzamentaria 20/9201.214, e que así mesmo, existe consignación suficiente e axeitada na aplicación orzamentaria 21/9201.214 (ADO: 92021/62).

Informe de Intervención, de data 15/01/2021, no que se dí que se reitera no informado en data 28/07/2020, agás no referente á consignación, dado que non foi aprobada a obriga no ano 2020, polo que a factura consígnase con cargo ao exercicio 2021, aplicación orzamentaria 9201.214 e ADO: 92021/62.

Informe deste Parque Móbil, de data 11/02/2021, no que se dí que a unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2021, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Resolución da Presidencia, de data 31/08/2021, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Terceiro.- Na proposta de decreto de data 27/08/2021, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“1.- Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura que seguidamente se relaciona:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
AD Grupo Regueira, S.A.U. GTM 2020/FAC_01/001482	Emit -479	15/05/2020	353,32	Kit distribución para vehículo con matrícula 3500-GZK	9201.214	92020/3901
SUMA			353,32			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 353,32 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten



por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumplimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

2.- “Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 28 de xullo de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
AD GRUPO REGUEIRA, S.A.U.	Emit-479	15/05/20	353,32	9201.214
SUMA			353,32	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 28 de xullo de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Primeiro.- Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.



Segundo.- O período do aludido subministro foi FEBREIRO de 2020.

Terceiro.- A cantidade a aboar á empresa ascende a 353,32 euros (I.V.E. incluído).

Cuarto.- Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

Quinto.- A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

(...).”

Consideracións

Primeira.- Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Segunda.- Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada por esta unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

Terceira.- En calquera caso, sinálase mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Cuarta.- A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2021.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno. Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Asimesmo a competencia sobre contratos alcanzará á aprobación do gasto, á interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo crédito dispoñible no exercicio de procedencia segundo o xa mencionado informe do



Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2020, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
AD Grupo Regueira, S.A.U.	Emit-479	15/05/2020	Subministración dun kit de distribución para un vehículo.	353,32 €
TOTAL				353,32 €

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por AD Grupo Regueira, S.A.U.:

Nº Emit-479 de data 15/05/2020, correspondente á subministración dun kit de distribución para un vehículo, dun importe total de 353,32 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DA ÁREA DE MEDIO RURAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Proposta relativa á aprobación da convocatoria e das Bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2021.

En relación coa convocatoria e bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2021, dende á Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitíuse, o 23 de setembro de 2021, informe do seguinte tenor:

“Antecedentes

Primeiro.- Tal e como reconece a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS):

“Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través das subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas.

(...).

A austeridade no gasto corrente, a mellor selección das políticas poñendo o énfase nas prioridades de gasto, así como o incremento do control e da avaliación, reduciron paulatinamente as necesidades de financiación do sector público e ampliaron as posibilidades financeiras do sector privado, con efectos dinamizadores sobre a actividade, o crecemento, o desenvolvemento económico, e sobre a creación de emprego.

(...).

Un dos principios que rexe a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, (...), é o da transparencia. (...).

Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redonda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a



complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións con as previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.

Segundo.- En cumprimento deste mandato, a Deputación Provincial de Lugo aprobou, por Decreto do 2 de abril de 2020, o Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 (PES).

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do PES, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, das finalidades de: mantemento da superficie agraria útil e a recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento de roza ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares, que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes; apoio directo ás comunidades de montes veciñais en man común; fomento do cumprimento da normativa en materia de ordenación dos arboredos e da mellora das superficies forestais; o apoio ás asociacións para a xestión destas superficies en común; e a redución do risco de incendios forestais por medio de accións que promovan unha maior utilización do monte, coa realización de labores de prevención e infraestruturas de defensa, tales como as faixas de protección.

Terceiro.- Consonte á Base 24ª.3, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2021, a xestión e concesión de subvencións deberá realizarse de acordo aos principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Cuarto.- Tendo en conta o anterior, por parte da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade promóvese a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, a través do Programa de apoio á xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal, para o cal se redactan as súas bases reguladoras, e se elaboran os anexos que constitúen os modelos normalizados de solicitude e xustificación de aquelas.

As ditas bases inclúen a motivación desta acción de fomento nos termos da súa exposición de motivos:

“A conservación e o desenvolvemento sustentable de todos os tipos de bosques son fundamentais para o desenvolvemento económico e social, a protección do medio ambiente e os sistemas sustentadores da vida no planeta. Os bosques son parte do desenvolvemento sustentable”.

Esta declaración da Asemblea das Nacións Unidas, na súa sesión especial de xuño de 1997, é unha clara expresión do valor e o papel que os montes desempeñan a nivel global na nosa sociedade.

Galicia é, sen dúbida, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa, exercendo a provincia de Lugo un papel fundamental como elemento tractor dentro deste sector.

Co paso do tempo, a realidade dos nosos montes variou moito: dende unha relativamente escasa importancia da superficie arborizada e unha gran porción do monte dedicada a aproveitamentos gandeiros e mesmo cultivos agrícolas, a un monte coma o actual, onde os terreos volveron ter un uso forestal prioritario ata alcanzar as dúas terceiras partes da superficie de Galicia, con fortes incrementos da superficie arborizada.

Por outra banda, os montes veciñais en man común son unha das poucas formas de propiedade e xestión en común da terra que puido sobrevivir á organización municipal do século XIX e ao fenómeno desamortizador, constituíndose como forma de propiedade característica de Galicia, tantas veces posta de manifesto polos profesionais do sector, reivindicada polos habitantes do rural e reclamada pola propia realidade económica.

A cuarta parte do territorio galego, máis de 700.000 hectáreas, corresponde a monte veciñal en man común xestionado por 2.800 comunidades de montes. Isto vén demostrar que esta figura non só ten importancia como un sinal de identidade e da cultura do noso País, senón tamén como un claro indicador económico e produtivo.



Tendo en conta que o monte desempeña unha tripla funcionalidade –social, ambiental e económica– e que os recursos que achega benefician a toda a poboación, isto obriga ás Administracións Públicas a velar polo seu coidado, defensa, rexeneración e mellora dos seus aproveitamentos.

Alén diso, en Galicia ten unha especial relevancia o aspecto económico dos montes, ao ter as actividades levadas a cabo nos mesmos un carácter estratéxico para o desenvolvemento do medio rural, tendo en conta que aproximadamente o 50% da produción forestal do Estado se extrae dos montes galegos, e ao ser unha importante base territorial para o desenvolvemento da gandería extensiva.

Con todo, o importante valor que o monte ten para a nosa sociedade no seu conxunto ven sendo ameazado pola propagación do lume, afectando á súa riqueza ambiental e paisaxística e ás actividades que se desenvolven no mesmo.

Os incendios forestais emitiron á atmosfera 6.375 millóns de toneladas de CO₂ en todo o mundo durante o pasado ano, segundo datos de Greenpeace. Nos últimos anos, as condicións de xeración e propagación dos incendios forestais víronse agravadas por ondas de calor e seca unidas á acumulación de biomasa vexetal no monte. Estas condicións amplían o período de risco duns montes vulnerables que contan cunha insuficiente xestión forestal.

Esta situación debe facernos sabedores de que a incidencia catastrófica dos incendios forestais no medio rural constitúe un dos elementos centrais da problemática do campo galego contemporáneo e unha grave ameaza para calquera política de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia en xeral, e da provincia de Lugo en particular.

Tendo en conta que a política de defensa do medio rural contra os incendios, pola súa vital importancia para o país, non pode ser aplicada de forma illada, senón integrándose nun contexto máis amplo de planificación do territorio e de desenvolvemento rural, é preciso o compromiso de todas as administracións, das persoas propietarias de terreos forestais, das agricultoras e agricultores, das comunidades de montes veciñais en man común, das asociacións de veciños, da sociedade do medio rural e, en xeral, do conxunto da cidadanía.

Ademais, a loita contra os incendios no medio rural demanda a existencia dun modelo activo, dinámico e integrado, encadrando nunha lóxica de medio e longo prazo os instrumentos dispoñibles, procurando a organización da xestión de biomasa en zonas estratéxicas, especialmente naquelas declaradas de alto risco de incendio, unido ao tratamento de áreas forestais nun esquema

de intervención segundo modelos silvícolas previamente establecidos no ámbito das dúas dimensións que se complementan: a defensa de persoas e bens, e a defensa dos montes. Por outra banda, tamén resulta indispensable ampliar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensión agroforestal para a defensa do medio rural contra os incendios.

Deste xeito, a Liña 13.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo para os anos 2020 a 2022, ten por obxectivo estratéxico “contribuír a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a través da promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais”, e aposta, entre outros obxectivos específicos, por “reducir o risco de incendios forestais por medio de accións que promovan unha mellor utilización do monte, coa realización de labores de prevención e infraestruturas de defensa”.

Polo exposto, dende a Área de Medio Rural, Mar e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, ponse en marcha, no ano 2021, a primeira edición do Programa “O que non arde”, de apoio á xestión e mantemento da rede secundaria das faixas de xestión da biomasa, a través dunha liña de axudas destinadas ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, e ás súas agrupacións, ou a arrendatarios e cesionarios da totalidade ou parte destes montes, que promocionen actividades silvopastorís con gandería extensiva nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e nas franxas laterais das vías de titularidade municipal, dentro dos terreos que xestionan, perseguindo con elo a redución do risco de incendios por mor da elevada cantidade de biomasa existente nos nosos montes.

Por todo o anterior, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias que esta ten atribuídas polo artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, pon en marcha a segunda edición do Programa “O que non arde”, procedendo á publicación do texto íntegro das bases canalizadoras de ditas subvencións e á publicación da convocatoria das mesmas.”

Consideracións legais e técnicas

Normativa de aplicación



Ás subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse, en aplicación do disposto no artigo 3 da Ordenanza Xeral de Subvencións da dita entidade, por:

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS).

O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (en adiante, RLXS).

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (en adiante, LSG).

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021- (en adiante, OXS).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante, TRLRFL).

As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo -publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020- (en adiante, RODPL).

As restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras das subvencións

Consonte ao artigo 2.1 da LXS:

“Enténdese por subvención, aos efectos desta lei, toda disposición de diñeiro realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 desta lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.

c) Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.”

Tendo encaixe neste concepto de subvención as axudas reguladas nas Bases cuxa aprobación se informa, cómpre ter en conta que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na LXS, tal e como estable o artigo 9.2 da dita Lei.

Estes termos, aos que se refire o citado artigo, son, en primeiro lugar, os previstos no apartado 2 do artigo 17 da mesma LXS, consonte ao cal:

“As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.”

A estes efectos, a Deputación de Lugo ven de aprobar recentemente a súa nova Ordenanza Xeral de Subvencións (publicada no BOP de Lugo nº 82, do 13 de abril de 2021).

Con todo, ao meu xuízo, o dito artigo 17.2 da LXS non pode ser interpretado de xeito restritivo, no sentido de que as bases reguladoras das subvencións só poidan adoptar a forma de ordenanza, ben xeral ben específica, e elo polas seguintes razóns:

1) Dada a gran variedade de tipos de subvencións que se outorgan polas entidades locais, derivado da amplitude de actividades e servizos que constitúen a execución das súas competencias, non resulta doado reconducilas todas a unha ordenanza xeral; e o ditado de ordenanzas específicas para cada tipo ou modalidade de subvención pode dar lugar a unha inflación ordenancista.

2) O citado artigo 17.2 da LXS non ten carácter básico, en virtude do establecido na disposición final primeira da dita lei; e a Comunidade Autónoma de Galicia ten asumidas competencias en materia de réxime local.



Por elo, a redacción do devandito artigo 17.2 da LXS terá que poñerse en relación co establecido no artigo 14.1 da LSG, que establece que “os órganos concedintes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión”.

En definitiva, a especificidade das subvencións a outorgar en execución do Programa “O que non arde” esixe a aprobación dunhas bases reguladoras específicas para aquelas, e que, sen forma de ordenanza, desenvolvan a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, detallando as súas particularidades.

Por outra banda, da conxunción do disposto nos citados artigos 17.2 da LXS e 14.1 da LSG, podemos concluír que as bases reguladoras aplicables á concesión conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Definición precisa do obxecto da subvención.
- b) Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención e, no seu caso, dos membros das entidades contempladas no apartado 2 e segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8, prazo e forma de acreditarlos e prazo e forma nos que deben presentarse as solicitudes.
- c) Criterios obxectivos de adxudicación da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos.
- d) Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.
- e) Procedemento de concesión da subvención.
- f) Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión e prazo no que será notificada a resolución.
- g) Composición, no seu caso, do órgano colexiado avaliador previsto no artigo 21 da presente lei.
- h) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ou a axuda pública e da aplicación dos fondos percibidos.
- i) No suposto de prever a posibilidade de realizar abonos a conta e anticipados, prazos, modo de pago e réxime particular de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios, así como aquelas outras medidas de garantía a favor dos intereses públicos que poidan considerarse precisas.

j) Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

k) Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

l) No seu caso, condicións de solvencia e eficacia que teñan que reunir as entidades colaboradoras.

m) Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

n) Criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente haxa de percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

o) Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, deberán contemplar a posibilidade de que os interesados fagan constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da presente lei.

p) Expresión dos recursos que procedan contra a resolución da concesión, con indicación do órgano administrativo ou xudicial ante o que teñan que presentarse, prazo para interpoñelos e demais requisitos esixidos pola normativa xeral de aplicación.

q) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As Bases obxecto deste informe integran estes extremos, cumprindo, polo tanto, os requisitos legalmente esixidos.

Convocatoria de subvencións en réxime de concorrència competitiva.



En relación coa convocatoria das subvencións, o carácter non básico do Capítulo II do Título I da LXS obriga a ter en conta o establecido no artigo 20 e seguintes da LSG. Consonte ao primeiro:

1. O procedemento para a concesión de subvencións iníciase de oficio, no caso da concesión en réxime de concorrencia competitiva, (...).

2. A iniciación de oficio realizarase sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido neste capítulo e de acordo cos principios da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terá necesariamente o seguinte contido:

a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.

b) Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.

c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.

d) Expresión do réxime en que se efectuará a concesión.

e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.

f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 3 deste artigo.

h) Prazo de resolución e notificación.

i) Documentos e informacións que deben achegarse á petición.

j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 25 da presente lei.

k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que se interpoñerá recurso de alzada.

l) Criterios de valoración das solicitudes, no seu caso. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicita a axuda.

m) Prazo de xustificación da subvención.

n) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, (...).

(...).

5. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixera teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución (...).

No caso que nos ocupa, a convocatoria cumpre estas esixencias, matizando que non se prevé a reformulación de solicitudes posto que os eventuais remanentes distribuiranse de conformidade cos criterios establecidos nas propias bases reguladoras das subvencións.

Requisitos para o outorgamento de subvencións.

Adicionalmente, consonte aos artigos 9.4 da LXS e 6.4 da LSG, o outorgamento dunha subvención debe cumprir os seguintes requisitos:

“a) A competencia do órgano administrativo concedinte.

b) A existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.

d) A fiscalización previa dos actos de contido económico, no termos previstos no Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

e) A aprobación do gasto polo órgano competente.

Neste senso, a Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2021 establece que “o órgano competente para aprobar as bases da convocatoria pública,



así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente.”

No expediente consta certificación, emitida pola Sección de Contabilidade e Contas da Unidade de Intervención, de existencia de saldo suficiente, nas correspondentes aplicacións orzamentarias, para a autorización dos gastos que se deriven da resolución do procedemento de concesión das subvencións.

En canto á tramitación do procedemento de concesión, resulta de aplicación o establecido no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da OXS, cuxa regulación se cumpre plenamente na convocatoria e bases obxecto deste informe.

Competencia da Deputación para a convocatoria das subvencións.

En canto á competencia da Deputación de Lugo que lexítima a convocatoria destas subvencións, cómpre ter en conta o establecido no artigo 36.1 da LRBRL, consonte ao cal:

Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

(...).

a) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

A propia Constitución, no seu artigo 130, fai referencia ao problema que se trata de liquidar a través desta convocatoria de subvencións, ao establecer que:

1. Os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía, a fin de equipar o nivel de vida de todos os españois.

2. Co mesmo fin, dispensarase un tratamento especial ás zonas de montaña.

Pola súa banda, en relación coa lexislación sectorial que atribúe competencias ás entidades locais, a Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, establece, no seu artigo 2, como obxectivos xerais da mesma, entre outros:

a) Manter e ampliar a base económica do medio rural mediante a preservación de actividades competitivas e multifuncionais, e a diversificación da súa economía coa incorporación de novas actividades compatibles cun desenvolvemento sostible.

(...).

c) Conservar e recuperar o patrimonio e os recursos naturais e culturais do medio rural a través de actuacións públicas e privadas que permitan a súa utilización compatible co desenvolvemento sostible.

2. En particular, as políticas de desenvolvemento rural sostible das Administracións Públicas que se deriven desta Lei deberán orientarse á consecución dos obxectivos seguintes:

(...).

e) Lograr un alto nivel de calidade ambiental no medio rural, prevendo o deterioro do patrimonio natural, da paisaxe e da biodiversidade, ou facilitando a súa recuperación, mediante a ordenación integrada do uso do territorio para diferentes actividades, a mellora da planificación e da xestión dos recursos naturais e a redución da contaminación nas zonas rurais.

Asemade, a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece, no seu artigo 8, que “as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medio materiais, económicos e humanos á súa disposición nos termos da presente lei.”

Xustificación das contías das axudas reguladas nas Bases e na convocatoria que se informa

A Base 5 das reguladoras das subvencións refírese ás contías das subvencións e á súa compatibilidade con outras axudas.

No que á xustificación das súas contías se refire, cómpre ter en conta o seguinte:



1. Actuacións incluídas no Eixo 1 (130€/ha):

Para o cálculo do importe da subvención tívose en conta un estándar de 0,15 UGM.

Pois ben, o gando cabrún adulto presenta unha inxesta diaria media de entre 1,50 e 2,50 kg. de materia vexetal seca, e o gando ovino adulto presenta unha inxesta diaria media de entre 2,00 e 3,00 kg de materia vexetal seca. Considerando unha media dun 18% de materia seca, nunha comunidade de montes de tamaño medio, un pastor podería manexar o gando en 15 hectáreas de xeito simultáneo, velando polo cumprimento das boas prácticas silvopastoris ao obxecto de cinguirse ás zonas con meirande presenza de biomasa vexetal.

Tendo en conta o convenio dos traballadores do campo, e repercutindo o salario bruto diario dun pastor dende o 1 de decembro ata o 31 de maio, dietas incluídas, obtense un custo de 70 €/ha.

Ademais do salario do pastor, tivéronse en conta outros gastos directos e indirectos:

Amortización das cercas e peches para o manexo do gando: empregando como media un peche de 625 m² cun custe de 9 €/ml; o gasto total, incluíndo materiais e subministros de reposto, chegaría a 36 €/ha.

Custos indirectos (combustible, produtos sanitarios, bebedeiros, etc.): 24 €/ha.

Polo tanto, os custos estimados derivados da actividade silvopastoril, nun monte veciñal de tamaño medio ascendería a 130€/ha.

2. Actuacións incluídas no Eixo 2.a (1.500 €)

Consultados varios gabinetes de enxeñaría da provincia, o prezo de mercado dun Plan de aproveitamento silvopastoril oscila entre os 1.200 e os 2.000 €, en función da extensión, orografía, aproveitamentos e características do monte, e da tipoloxía e número de cabezas de gando, sendo o prezo medio de 1.600 € por Plan.

Dado que o solicitante debe sufragar ao menos un 5% do gasto, establécese en 1.500 € a contía da subvención, de xeito que de forma obxectiva se cubra aproximadamente un 95 % do gasto.

3. Actuación incluídas no Eixo 2.b (1.500 €)

Consultadas varias xuntas reitoras de comunidades de montes ao longo da provincia, e dada a atomización do territorio en moitas zonas, obsérvase a presenza da problemática da definición de titulares, lindes e superficies.

Elevada dita casuística a varios gabinetes de enxeñaría da provincia, obtense un orzamento medio de 1.600 € como prezo de mercado para as tarefas descritas no parágrafo anterior, englobando as ditas tarefas o traballo de campo, traballo de gabinete, presentación de informes e escritos destinados á resolución de discrepancias catastrais e de propiedade, e outras tarefas semellantes dirixidas á correcta inscrición dos terreos obxecto de estudo.

Xustificación da non existencia de financiación propia das actuacións incluídas no Eixo 1

O artigo 19.1 da LXS establece, potestativamente, a facultade da Administración concedente da subvención de esixir do beneficiario un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.

Esta previsión desenvólvese no RLXS do seguinte xeito:

1. Salvo que as bases reguladoras establezan outra cousa, o orzamento da actividade presentado polo solicitante, ou as súas modificacións posteriores, servirán de referencia para a determinación final do importe da subvención, calculándose este como unha porcentaxe do custo final da actividade. (...).

Confírmase, polo tanto, en sede regulamentaria, como non podía ser doutra maneira, o carácter potestativo da facultade da Administración de esixir unha financiación mínima, por parte do beneficiario, da actividade a subvencionar; iso si, engadíndose a necesidade de que tal opción se estableza nas bases reguladoras das subvencións.

Neste senso, cómpre ter en conta o disposto no artigo 12.1.II da OXS, segundo o cal, “en función da natureza e obxectivos ou fins sociais perseguidos pola subvención, a achega pública poderá consistir nun importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total (...)”.

A natureza das actuacións a subvencionar encadradas no Eixo 1 das subvencións que constitúen o obxecto deste informe (prácticas silvopastoris orientadas á redución do risco de incendios) impiden a elaboración dun orzamento que permita determinar con exactitude os gastos en que vai incurrir o beneficiario para a súa execución.



Ao anterior engádese o obxectivo perseguido coa concesión da subvención, que non é outro contribuír á eliminación da lacra que os incendios forestais constitúen para a nosa provincia. E é que os incendios forestais actúan, de xeito relevante, en contra do desenvolvemento económico e social provincial, ademais de xerar múltiples problemas ambientais.

Por todo elo, dende esta Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, considérase axeitado non esixir dos beneficiarios a achega dunha porcentaxe de financiación da actuación subvencionable, opción que, como se viu, conta co respaldo legal e regulamentario antes citado.

Polo exposto, informo favorablemente:

A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2021, dotado con 60.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2021.

A aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.

A aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.

A publicación da citada convocatoria e bases canalizadoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na Sede Electrónica da Deputación.”

A aprobación do gasto, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

50.000 €, con cargo á AO 4190.489.

10.000 €, con cargo á AO 4190.789, ambas do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021.”

No expediente consta, ademais, informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 23 de setembro de 2021, sobre as bases e os modelos de solicitude e xustificación que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para apoiar a xestión e mantemento das redes

secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2021.

Á vista das actuacións precedentes, a Unidade de Intervención fiscalizou favorablemente o expediente o 24 de setembro de 2021.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes Acordos:

1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2021, dotado con 60.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2021.

2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.

3º.- Aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.

4º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na Sede Electrónica da Deputación.”

5º.- A aprobación do gasto, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

50.000 €, con cargo á AO 4190.489.

10.000 €, con cargo á AO 4190.789, ambas do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SEGUNDA MODIFICACIÓN DA LISTAXE DE ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS AO PROGRAMA BONO IMPULSO- DEPUTACIÓN DE LUGO (BONO PARA A HOSTALARÍA E COMERCIO LOCAL).

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 30 de abril de 2021 aprobouse por acordo de Xunta de Goberno as bases e convocatoria do Programa Bono Impulso- Deputación de Lugo.

Tendo en conta que en sesión ordinaria do 04.06.2021 aprobouse por acordo de Xunta de a relación de establecementos adheridos e excluídos do programa Bono Impulso.

Tendo en conta que comunicada, polo interesado as seguinte incidencia:

M^a Matilde Durán García, con DNI ***0986**, comunícanos os traspaso do establecemento a Javier Chao López (por xubilación), mantendo a mesma forma xurídica de persoa autónoma.

Consideranto que o establecemento cumpre todos os requisitos para optar a subvención, así mesmo consta no expediente a declaración responsable do solicitante de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario da subvención sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, agás a excepción prevista na base 8 do programa de non atoparse o corrente cas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal e Autonómica), Seguridade Social e Recadación da Deputación de Lugo, quedando aprazada a súa comprobación no momento da presentación da conta xustificativa.

Considerando da revisión por parte desta sección dos expedientes das entidades adheridas ao programa (aprobadas na Xunta de Goberno do 04.06.2021 e modificadas na xunta de Goberno do 27.08.2021) obsérvase que, a nomenclatura aprobada dalgunhas empresas refírese aos nomes comerciais e non ao nome da razón social co que se corresponde cadanseu NIF. Unha vez corroborados os datos cos interesados, e co fin de xustificar correctamente a devandita subvención, débese modificar a nomenclatura do seguinte xeito:

NOMENCLATURA ANTERIOR	NOMENCLATURA CORRECTA	NIF
CARMEN GARCÍA	CARMEN GARCÍA LÓPEZ	76618932K
CELIA NÚÑEZ GARCÍA	ELECTRICIDAD NUÑEZ SL	B27118389
RESTAURANTE SIERRA	RESTAURANTE SIERRA SL	B27151760
TEFER ELECTRODOMÉSTICOS	TEFER BAZAR SL	B27154301
ÓPTICA REINA	OPTOMETRISTAS LUCENSES SL	B27226554
CAMINO DE ESTRELLAS (PROTABO)	PROTABO SL	B27289180
CARTAFOL (AVDA. MADRID)	MOLESKINE SL	B27361955
O BAUL BRANCO	O BAUL BRANCO SLU	B27424696
CHICCO LUGO	BEN-BRAS DESARROLLOS SLU	B27425594
CARTAFOL (AV CORUÑA)	SUMINISTROS DE OFICINA LUGO SLL	B27447044
SUPERMERCADO VERO	VERO FONSAGRADA SL	B27448620
MATELAS	VILAREXAS BRAND SL	B27450444
MARÍA MUJER	AIRIÑA LUGO SL	B27454776
MANDARINA	AIRIÑA LUGO SL	B27454776
PANADERÍA A NOVA	JOSE GAYOSO SL	B27484435
SUPERMERCADO MERCAMAS	MERCA ESTEVEZ SLU	B27515766
EUKALPIA	EUKALPIA SHOP SL	B74384611
TOPITOS BOUTIQUE INFANTIL	TOPITOS BOUTIQUE INFANTIL CB	E27453455
AIRA FERNÁNDEZ (PIKAROS STORY)	AIRA FERNÁNDEZ PIKAROS CB	E27488139
PEQUES	SAN CAYETANO CB	E27494186
TAPERÍA DEVEZO	DEVEZO SC	J27507490
MOVILTOM	MOVILTOM SC	J27511203
PROMOCIONES TURISTICAS RIBEIRA DO EO SA	PROMOCIONES TURISTICAS RIBEIRA DO EO SL	B84056266
LAG SG	LAG SC	J27487669
BEGO OURAL CASTRO	MARIA BEGOÑA OURAL CASTRO	***9308**
JOSÉ RAMÓN EREIJO QUIJADA	JOSÉ RAMÓN CEREIJO QUIJADA	***0367**



Así mesmo, debido a un erro na transcripción dos datos na solicitude, é preciso modificar o nome e o NIF dun beneficiario:

Onde dí:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
BRUNO FILIPE ACEBRÁS	***8061**	RÚA DIPUTACIÓN 1, 3º IZQ	RIOTORTO

Debe dicir:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
ACEBRAS DOPACIO SANDRA	***1521**	RÚA DIPUTACIÓN 1, 3º IZQ	RIOTORTO

Por todo o anterior, proponse a Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar o cambio de titularidade na listaxe de establecementos adheridos do seguinte xeito:

Dar de baixa a:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
Mª MATILDE DURÁN GARCÍA	***0986**	RÚA ROSALÍA DE CASTRO 31	BURELA

Dar de alta a:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
JAVIER CHAO LÓPEZ	***6646**	RÚA ROSALÍA DE CASTRO 31	BURELA

2º.- Aprobar a modificación da nomenclatura das seguintes entidades beneficiarias:

NOMENCLATURA ANTERIOR	NOMENCLATURA CORRECTA	NIF
CARMEN GARCÍA	CARMEN GARCÍA LÓPEZ	***1893**
CELIA NÚÑEZ GARCÍA	ELECTRICIDAD NUÑEZ SL	B27118389
RESTAURANTE SIERRA	RESTAURANTE SIERRA SL	B27151760
TEFER ELECTRODOMÉSTICOS	TEFER BAZAR SL	B27154301

NOMENCLATURA ANTERIOR	NOMENCLATURA CORRECTA	NIF
ÓPTICA REINA	OPTOMETRISTAS LUCENSES SL	B27226554
CAMINO DE ESTRELLAS (PROTABO)	PROTABO SL	B27289180
CARTAFOL (AVDA. MADRID)	MOLESKINE SL	B27361955
O BAUL BRANCO	O BAUL BRANCO SLU	B27424696
CHICCO LUGO	BEN-BRAS DESARROLLOS SLU	B27425594
CARTAFOL (AV CORUÑA)	SUMINISTROS DE OFICINA LUGO SLL	B27447044
SUPERMERCADO VERO	VERO FONSAGRADA SL	B27448620
MATELAS	VILAREXAS BRAND SL	B27450444
MARÍA MUJER	AIRIÑA LUGO SL	B27454776
MANDARINA	AIRIÑA LUGO SL	B27454776
PANADERÍA A NOVA	JOSE GAYOSO SL	B27484435
SUPERMERCADO MERCAMAS	MERCA ESTEVEZ SLU	B27515766
EUKALPIA	EUKALPIA SHOP SL	B74384611
TOPITOS BOUTIQUE INFANTIL	TOPITOS BOUTIQUE INFANTIL CB	E27453455
AIRA FERNÁNDEZ (PIKAROS STORY)	AIRA FERNÁNDEZ PIKAROS CB	E27488139
PEQUES	SAN CAYETANO CB	E27494186
TAPERÍA DEVEZO	DEVEZO SC	J27507490
MOVILTOM	MOVILTOM SC	J27511203
PROMOCIONES TURISTICAS RIBEIRA DO EO SA	PROMOCIONES TURISTICAS RIBEIRA DO EO SL	B84056266
LAG SG	LAG SC	J27487669
BEGO OURAL CASTRO	MARIA BEGOÑA OURAL CASTRO	***9308**
JOSÉ RAMÓN EREJO QUIJADA	JOSÉ RAMÓN CEREJO QUIJADA	***0367**

3º.- Aprobar a seguinte modificación:

Onde dí:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
BRUNO FILIPE ACEBRÁS	***8061**	RÚA DIPUTACIÓN 1, 3º IZQ	RIOTORTO

Debe dicir:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
SANDRA ACEBRAS DOPACIO	***1521**	RÚA DIPUTACIÓN 1, 3º IZQ	RIOTORTO



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BENEFICIARIOS DA AXUDA DA MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 26.06.2020 aprobase en Xunta de Goberno a convocatoria e bases das medidas de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” , e as medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 “ Tu empleo social en el rural” e axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural. Ditas bases publícanse con data 30.06.2020 no BOP número 148.

Considerando que a situación vivida nos últimos meses ocasionada polo Covid 19, imposibilitou cubrir o número total de prazas ofertadas na primeira convocatoria das medidas 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” e 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural” dentro do programa Prende! Bota Raíces no Rural, se a isto sumamos as renuncias presentadas por parte das empresas beneficiarias froito dos peches obrigatorios, redución de horarios... quedaron dispoñibles 18 bolsas na primeira das medidas e 2 na segunda. Polo que para aproveitar o máximo o impacto positivo que xera o programa na economía, con data 27.04.2021 publícase, no BOP número 094 e na Base Nacional de Subvención (BDSN), a aprobación da nova convocatoria das medidas 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” e a medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, cun período de solicitude ininterrompido que abrangue dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no BOP, previa publicación na Base Nacional de Subvencións e ata o 30.09.2021 ou ben ata que se esgote as bolsas de axuda ofertadas por cada unha das Medidas.

Considerando que segundo se recollen nas bases anteriormente mencionadas, concretamente no seu artigo 1, os obxectivos da medida, son os seguintes:

“(…)

1) Fomento da empregabilidade

Recollido na Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” a través da que se persegue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de 30 bolsas de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do 50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

(…)”

Considerando que atendendo ó artigo 4 das bases, a contía máxima de subvención que poderían recibir cada un dos beneficiarios/as será a seguinte:

Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, 5.700,00 € no caso de manter a contratación do traballador asignado durante 12 meses.

Considerando que para poder optar a ser beneficiario deste programa, tal e como se recolle nos artigos 1 e 3 das bases, é necesario cumprir cos seguintes requisitos:

Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, persoas físicas ou xurídicas:

Cuxos centros de traballo se atope nalgún concello dos recollidos no Anexo I.

Desenvolvan unha actividade relacionada coa hostalaría e o turismo, a enerxía e a auga, a agricultura e a gandería ou o medio ambiente.

Que non estean incursos en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións en concordancia coa Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia.



Considerando que segundo se recolle no artigo 6 das bases que rexen esta subvención, e atendendo ao novo prazo establecido na convocatoria publicada con data 27.04.2021 no BOP número 094, no momento da tramitación da solicitude é preciso entregar a seguinte documentación:

“(…)

6.2.1 Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” Prende! Bota Raíces

Solicitude de adhesión (Modelo de Solicitude) da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”, asinada.

CIF ou DNI.

Estatutos para o caso de ser persoa xurídica ou Alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores para o caso de que o solicitante sexa persoa física (Modelo 036 ou 037).

Anexo II – Declaración responsable asinada.

Anexo III – Declaración doutras axudas de mínimos percibidas.

Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias (Axencia Estatal e Autonómica), Seguridade Social e Deputación de Lugo, só no caso de non autorizar a súa comprobación pola Deputación Provincial de Lugo.

Considerando que en relación o procedemento de Selección dos beneficiarios de acordo ao artigo 7 das bases, este é un procedemento de concorrência non competitiva, sen que se produza a comparación de solicitudes, onde o órgano instructor dos expedientes será o Deputado da Área de Promoción Económica e Social, sendo avaliados e informados por unha comisión de valoración composta por tres empregado públicos da Deputación de Lugo, (nomeados por resolución de presidencia) respectando en todo caso para o seu funcionamento o establecido no artigo 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en conta que si o orzamento non é suficiente para conceder todas as axudas aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación, para o caso de coincidencia na data de presentación será a hora a que determine a prelación dos beneficiarios.

Considerando que comprobada a documentación e o cumprimento dos requisitos do Programa por parte do órgano xestor das solicitudes presentadas da Medida 8.2.4.2 dentro do

Programa Prende! Bota raíces no rural, con data 15.09.2021, reúnese a Comisión de Valoración emitindo informe proponendo a listaxe definitiva dos expediente completos a través da acta que se acompaña a este informe, supeditada, en todo caso, á existencia de crédito e o cumprimento dos requisitos.

En relación ó anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno a aprobación:

1º.- Da proposta, nos termos efectuadas pola comisión de Valoración na reunión do data 15.09.2021 (Achégase acta).

2º.- Da Listaxe de beneficiarios da medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” dentro do programa Prende! Bota raíces no rural, xunto co importe máximo de subvención, 5.700,00€ durante as anualidade 2021 e 2022. O beneficiario reúne todos os requisitos e o expediente adecúanse ás bases para a concesión da subvención en réxime de concorrencia non competitiva, constando no mesmo declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter as condicións de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, de seguridade social e Deputación de Lugo.

Beneficiario	NIF	Concello	Perfil	Subvención
VARELA SC	J27356328	Guntín	Peón agrícola	5.700,00€
TOTAL				5.700,00€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DO PLAN ÚNICO CONCEDIDA PARA O PROGRAMA DE TURISMO PARA O ANO 2020 DO CONCELLO DE MONTERROSO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



“Logo de ver que O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 02/04/2020, por unanimidade acordou prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 28/07/2020, por unanimidade, acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2020, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, que inclúe unha achega económicas por importe de 950,00 € para o programa de turismo do concello de Monterroso, denominado “Acondicionamento e difusión do roteiro antigo Monte Rosso ao novo Monterroso”. Non se tramitou ningún anticipo para o programa de turismo do Concello de Monterroso.

Logo de ver que o Concello de Monterroso, con data 12/04/2021, expediente 2021/PES_03/006248, presenta a renuncia á achega do Plan Único de 2020 concedida para o Programa de Turismo denominado “Acondicionamento e difusión do roteiro do antigo Monte Rosso ao novo Monterroso”, facendo constar:

“Dna. Rocío Seijas Vázquez, en calidade de alcaldesa-presidenta do Concello de Monterroso (Lugo).

Vista a solicitude da actuación “ Acondicionamento e difusión do roteiro do antigo Monte Rosso ao novo Monterroso” aprobada por resolución da alcaldía de data 03/06/20 dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos de 2020 cunha contía de 950,00€.

Vista a aprobación do dito plan pola Deputación Provincial de Lugo en sesión plenaria de data 28/07/2020.

Declara que esta entidade renuncia ao financiamento concedido posto que non se executou a dita actuación”.

Logo de ver a normativa aplicable á solicitude de renuncia presentada polo Concello de Monterroso:

O artigo 84 da Lei 39/2015. de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas, titulado “Terminación” dispón:

“1.- “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.

2. (...)”.

O artigo 94 da citada lei, titulado “Desistencia e renuncia polos interesados” sinala:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará a aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia,

5. (...)”.

A Base 19 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, determina, en canto á renuncia, o seguinte:

“Os Concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno”.

Logo de ver o informe do Servizo de Turismo favorable á renuncia presentada polo Concello de Monterroso por considerar que reúne os requisitos legais para a aceptación da mesma.

Con base no exposto propono que, pola Xunta de Goberno, en virtude dos artigos 84 e 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo das Administracións Públicas, así como da Base número 19 do Plan Único de 2020, se adopte o seguinte acordo:



Aceptar de plano a renuncia do Concello de Monterroso á achega do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2020, concedida por importe de 950,00 € para o programa de turismo denominado “Acondicionamento e difusión do roteiro do antigo Monte Rosso ao novo Monterroso”, e declarar concluído o procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- PROPOSTA RELATIVA A ACEPTACIÓN DE RENUNCIA NO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE CABEZAS DE GANDO NA GRANXA PROVINCIAL DE GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibbles, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 20 de agosto de 2021, adoptou entre outros, o acordo de adxudicación de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración dunha poxa, resultando, entre outros, Marta Carballo Álvarez adxudicataria dos seguintes animais:

Lote 1. Vacas de raza cachena con cría ao pé.

N.º Identificación da nai N.º Identificación da cría Sexo da cría Prezo.

ES001112366616 ES071113398753 macho 930€+ IVE.

ES031110833166 ES031113398748 macho 920 €+ IVE ES071110473586
ES071113398742 macho 770 €+ IVE.

ES011112099180 ES061113398741 macho 900 €+ IVE.

ES051111946855 ES051113398784 macho 940 €+ IVE.

Lote 2. Vacas de raza cachena.

Nª crotal Prezo.

ES091108134296 910 €+ IVE

Lote 4. Animais machos de raza cachena de entre 1 e 2 anos.

Nª crotal Prezo.

ES001112366592 880 €+ IVE TOTAL 6.250 €+ IVE.

Con data 26 de agosto de 2021, a adxudicataria Marta Carballo Álvarez presenta escrito no que relata que o animal macho de raza cachena con nº de crotal ES001112366592 do que resulta adxudicataria, non é apto para a súa explotación gandeira, segundo o estudio de consanguinidade realizado pola Asociación de Razas Autóctonas Boaga/Cachega, debido ó elevado nivel de consanguinidade con todas as femias da súa explotación, sendo un animal non viable para as necesidades de manexo e reprodución, polo que renuncia á súa adxudicación e asina a acta de entrega co resto dos animais adxudicados presentando o xustificante bancario de ter feito o pago por importe de 5370+IVE, que corresponde co importe total do prezo dos animais adxudicados menos o importe do animal que rexeita.

Non consta oferta de licitador seguinte para a adxudicación do referido animal, polo que segundo o indicado na cláusula 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento para o alleamento de diversas cabezas de gando da granxa provincial Gaioso Castro, poderase acordar o alleamento do animal mediante adxudicación directa e polo prezo de saída.

Visto o informe da Sección de Patrimonio de data 22 de setembro de 2021.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Aceptar a renuncia da adxudicataria Marta Carballo Álvarez relativa ó animal con nº de crotal ES001112366592.

2º.- Declarar que o seguinte animal poderá ser obxecto de alleamento mediante adxudicación directa polo prezo de saída:

Lote 4. Animais machos de raza cachena de entre 1 e 2 anos.

Nª crotal Prezo

ES001112366592 396 €+ IVE”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2017.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación de subvencións, que se relacionan, concedidas por acordo da Xunta de Goberno de esta Excm. Deputación de data 4 de agosto de 2017, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades culturais realizadas por entidades culturais, ano 2017, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 189, do día 18 de agosto de 2017, e visto o informe do Xefe de Servizo de Cultura e Turismo onde se indica:

“En relación aos expedientes que se relacionan referentes á xustificación das subvencións de referencia, procede informar:

1.- Na Xunta de Goberno do día 4 de agosto de 2017, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2017, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrência para a concesión.

2.- Con data 18 de agosto de 2017, a convocatoria publícase no Boletín Oficial da Provincia número 189 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 22 de setembro de 2017, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2017, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 5 de xaneiro de 2018, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2017.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2018.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.



7.- Unha vez transcorrido o prazo establecido nas Bases citadas, para a presentación da documentación xustificativa, procédese á súa revisión e detéctanse unha serie de deficiencias, polo que, as asociacións que se indican, foron requiridas, por Resolución da Presidencia, para no prazo improrrogable de 10 días, procederan a enmendar as deficiencias que se lles sinalaron, advertíndolles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levaba consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

8.- Transcorrido o citado prazo de 10 días e constatando que as deficiencias, ou non foron arranxadas, ou non se presentou a documentación requirida, a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, revolveu, iniciar os expedientes de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2017, aprobado pola Xunta de Goberno de 4 de agosto de 2017, das entidades que se relacionan por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10.- Envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

11.- Transcorrido o citado prazo de 10 días constátase que non foi atendido o citado trámite de audiencia polas asociacións relacionadas, polo que, esta Xefatura de Servizo,

Informa:

Procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 22 de setembro de 2017, polo que se resolveu o concurso de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2017, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 189 de 18 de agosto de 2017, por incumprimento da obriga de xustificación

en virtude dos artigos 34.3 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
A.C. PELEIRIÑOS	PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA MÚSICA E BAILE TRADICIONAL	1.053,00
AVENTADOS	POLA NOSA ENTIDADE MÚSICA “NOSTALXIAS” COMPROMISO CON EL QUIJOTE, ENCONTROS “CONCIENCIA PARA NO OLVIDAR LO NUESTRO” REALIZACIÓN AUDIOVISUAL E VISITA A SARGADELOS	1.487,00
ASOC. COLECTIVO CULTURAL OLLOMAO	ACTIVIDADES CULTURAIS, OBRADOIRO DE TEATRO INFANTIL, ESTREA OBRA TEATRO E VISITA DO APALPADOR	1.325,00
APA CEIP VIRXE DO MONTE	ACTIVIDADES NADAL, ENTROIDO E EXCURSIÓN CULTURAL	983,00
A.C. FARO MIÑO	MOSTRA POPULAR MARUXA VILLANUEVA	1.145,00
ANPA CEIP VELEIRO DO CAMPO, CASTRO RIBERAS DE LEA	PINTURA, INGLÉS E MÚSICA E INGLÉS	947,00
A.C. IRMANDADE SAN CAETANO	MAGOSTO, TEATRO, CONFERENCIAS PATRIMONIO, ACTIVIDADES DE NADAL	1.181,00
APA Y EXALUMNOS DE EGB DEL CNM DE FOZ PADRE FEIJOO	ACTUACIÓNS DE CLOWN, MAXIA, MÚSICAIS, CONTACONTOS, OBRADOIROS, XEOLOXÍA E FESTA FIN DE CURSO	965,00
ASOC. CULTURAL ANDRADE	CLASES PANDEIRETA E BAILE	929,00

Tendo en conta, que unha vez transcorrido o prazo citado de 10 días de trámite de audiencia, a Deputada que subscribe propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se se declare perda de dereito ao cobro total das subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2017, aprobado pola Xunta de Goberno de 22 de setembro de 2017, das entidades relacionadas, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS. (e despois de transcorrer o prazo de audiencia concedido, sen presentar alegacións nin documentación), que se relacionan

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
A.C. PELEIRIÑOS	PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA MÚSICA E BAILE TRADICIONAL	1.053,00
AVENTADOS	POLA NOSA ENTIDADE MÚSICA “NOSTALXIAS” COMPROMISO CON EL QUIJOTE, ENCONTROS “CONCIENCIA PARA NO OLVIDAR LO NUESTRO” REALIZACIÓN AUDIOVISUAL E VISITA A SARGADELOS	1.487,00
ASOC. COLECTIVO CULTURAL OLLOMAO	ACTIVIDADES CULTURAIS, OBRADOIRO DE TEATRO INFANTIL, ESTREA OBRA TEATRO E VISITA DO APALPADOR	1.325,00
APA CEIP VIRXE DO MONTE	ACTIVIDADES NADAL, ENTROIDO E EXCURSIÓN CULTURAL	983,00



NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
A.C. FARO MIÑO	MOSTRA POPULAR MARUXA VILLANUEVA	1.145,00
ANPA CEIP VELEIRO DO CAMPO, CASTRO RIBERAS DE LEA	PINTURA, INGLÉS E MÚSICA E INGLÉS	947,00
A.C. IRMANDADE SAN CAETANO	MAGOSTO, TEATRO, CONFERENCIAS PATRIMONIO, ACTIVIDADES DE NADAL	1.181,00
APA Y EXALUMNOS DE EGB DEL CNM DE FOZ PADRE FEIJOO	ACTUACIÓNS DE CLOWN, MAXIA, MUSICAIS, CONTACONTOS, OBRADOIROS, XEOLOXÍA E FESTA FIN DE CURSO	965,00
ASOC. CULTURAL ANDRADE	CLASES PANDEIRETA E BAILE	929,00

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 18 de decembro de 2020, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrència competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, ano 2020, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 203, de data 4 de setembro de 2020.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

“1.- Na Xunta de Goberno do día 28 de agosto de 2020, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a á realización de actividades de interese cultural, anualidade 2020, así como o gasto

correspondente e os modelos de solicitude e xustificación que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2.- Con data 4 de setembro de 2020 a convocatoria publícase no Boletín Oficial da Provincia número 203, pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 18 de decembro de 2020, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, anualidade 2020, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 31 de decembro de 2020, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 300, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020.

5.- O punto 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a actuación e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2021.

(...)



Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente. Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Con data 23 de Abril de 2021, a Presidencia da Deputación de Lugo, resolveu requirir ás Asociacións que se relacionan no Anexo, a que presenten a documentación de xustificación sinalada no punto 11 das Bases da convocatoria, advertíndolles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo improrrogable de 15 días hábiles, levará consigo a revogación da subvención concedida.

8.- Con data 23 de Junio de 2021, a Presidencia da Deputación de Lugo, resolveu iniciar os expedientes de perda de dereito ás subvencións concedidas ás entidades relacionadas no Anexo, así como enviar notificación aos interesados dando conta do contido da Resolución citada, na que se lles comunica que, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de Audiencia, de acordo ao establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

9.- Transcorrido o prazo de 10 días sinalados, constátase que as Asociacións que se reflicten no Anexo non atenderon o trámite de audiencia,”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, anualidade 2020, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 203 de 4 de

setembro de 2020, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria, e despois de transcorrer o prazo de Audiencia concedido, sen presentar alegacións nin documentación algunha.

ENTIDADE	ACTIVIDADE	IMPORTE
ASOC. CULTURAL ESCOLA BAILE E GAITAS O CASTRO	XORNADAS PROMOCIÓN E DIFUSIÓN CULTURA E MÚSICA POPULAR GALEGA	3.000,00€

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE PORTEIRO/A.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Constatando que a entidade ten necesidade de constituír unha listaxe de emprego temporal de Porteiro/a para poder atender ás necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 19.4 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico



da Deputación Provincial de Lugo de data 30 de xuño de 2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a constitución dunha listaxe de emprego temporal de Porteiro/a, (Agrupacións Profesionais), para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba a texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (Cota Xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020).

3º.- Aprobar as bases específicas que complementan as bases xerais que rexen a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo de Porteiro/a (Agrupacións Profesionais).

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados na base xeral 3.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

23.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE ARQUITECTO/A.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Constatando que a entidade ten necesidade de constituír unha listaxe de emprego temporal de Arquitecto/a para poder atender ás necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 19.4 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30 de xuño de 2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a constitución dunha listaxe de emprego temporal de arquitecto/a, Grupo A- Subgrupo A1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba a texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na



Deputación Provincial de Lugo (Cota Xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020).

3º.- Aprobar as bases específicas que complementan as bases xerais que rexen a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo de Arquitecto/a, Grupo A- Subgrupo A1.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados na base xeral 3.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

24.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO Nº 190/2021.

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente administrativo do recurso nº190/2021-A interposto pola entidade Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. fronte á resolución de data 25 de maio de 2021 desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada “en solicitude de 730€ por los daños causados por un jabalí al turismo, propiedad de Don Ivan Bodenlle Díaz, Seat Ibiza 1.9 TDI matrícula C6992BW, en el Km. 8´5 de la carretera LU-P-3906 de Bonxe a Rozas...”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

25.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeira.- *Conta da prórroga do encargo establecido entre a Deputación de Lugo e a Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da deputación provincial de lugo.*

Dase conta de que con data 9 de setembro de 2021, foi aprobada por resolución da Presidencia a prórroga do encargo da Deputación Provincial de Lugo á empresa TRAGSA do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, cunha duración de tres meses (dende o 12 de setembro de 2021, ata o 11 de decembro de 2021, ambos incluídos), e por un importe que ascende a 222.368,89 euros. A Xunta de Goberno queda enterada.

Segunda.- *Conta e cumprimento do Decreto de data 27 de xullo 2021 ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo dentro do procedemento: Peza de Taxación de Custas 259/2018 0001 (Procedemento Abreviado 259/2018).*

Dase conta do Decreto de data 21 de xuño de 2021, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, no procedemento Peza de Taxación de Custas 259/2018 0001 (Procedemento Abreviado 259/2018); e en cuxo fallo di o seguinte: “Aprobar la tasación de costas



practicada en este recurso con fecha 21/06/2021 por importe de 363 euros, a cuyo pago ha sido condenada la Excm. Diputación Provincial de Lugo". A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento ó citado decreto; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao ingreso da cantidade de de 363 euros, en concepto de custas, na conta de consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo.

Terceira.- *Conta e cumprimento da Sentenza nº149/2021, de 30 de xuño de 2021, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Abreviado 256/2020.*

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“No Procedemento Abreviado 256/2020 seguido a instancia da Deputación Provincial de Lugo fronte á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia contra o seguinte acto administrativo: “Resolución de la Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, dictada el 30 de septiembre de 2020 que desestima el recurso de alzada formalizado por la demandante contra la Resolución de 2 de octubre de 2019, por la que se le impone una sanción de 3.005,07 euros como responsable de la comisión de una infracción administrativa grave tipificada en el art. 35.10 de la Ley 7/1992, de 24 de julio, de pesca fluvial de Galicia.”, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo ditou en data 30 de xuño de 2021 a Sentenza nº149/2021 en cuxo fallo desestima o recurso contencioso interposto contra a resolución citada con anterioridade, a cal declara conforme ao ordenamento xurídico.

Polo anteriormente exposto, e vista a certificación sobre a existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade indicada comunicada polo Servizo de Intervención, á Xunta de Goberno propónse a adopción do seguinte acordo:

Dar cumprimento ao fallo da Sentenza nº149/2021, de 30 de xuño, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, logo de declarar conforme a dereito a resolución da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 30 de setembro de 2020 na que se desestimaba o recurso de alzada formalizado fronte á Resolución de 2 de outubro de 2019 na que se lle impón unha sanción de 3.005,07 euros como responsable da comisión dunha infracción

administrativa grave tipificada no art. 35.10 da Lei 7/1992, de 24 de xullo, de Pesca Fluvial de Galicia, realizando o dito ingreso segundo datos que figuran na devandita resolución.”

A Xunta de Goberno queda enterada, acordando por unanimidade dos asistentes aprobar a proposta anteriormente transcrita.

26.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cuarenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.